

INFORME DE AUTOEVALUACIÓN PARA A RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN

1.- DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Grao en Linguas Estranxeiras
MENCIÓNS/ESPECIALIDADES	
UNIVERSIDADE RESPONSABLE ADMINISTRATIVAMENTE	Universidade de Vigo
EN CASO DE TÍTULOS INTERUNIVERSITARIOS, UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S	
CENTRO RESPONSABLE	Facultade de Filoloxía e Tradución
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE	Facultade de Filoloxía e Tradución
RAMA DE COÑECEMENTO	Artes e Humanidades
NÚMERO DE CRÉDITOS	240
PROFESIÓN REGULADA	
MODALIDADE DE IMPARTICIÓN	Presencial
CURSO DE IMPLANTACIÓN	2009-2010
DATA ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)	01/06/2009
DATA RENOVACIÓN ACREDITACIÓN	

RESULTADO DO PROCESO DE AUTOAVALIACIÓN	<input type="checkbox"/> A Supérase excelentemente <input type="checkbox"/> B Acádase <input type="checkbox"/> C Acádase parcialmente <input type="checkbox"/> D Non se acaba
---	--

DATA:	16 de novembro de 2015
--------------	------------------------

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo atópase actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizouse segundo a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias polos/as estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e atópase actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu eido académico, científico e profesional e, de ser o caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Valoramos o cumprimento deste criterio dun xeito moi satisfactorio. O interese académico científico e profesional do título continúa estando xustificado, na liña apuntada no apartado 2.1 da Memoria de solicitude de verificación. Igualmente, os referentes externos sinalados na Memoria continúan avalando a adecuación da titulación a criterios nacionais e internacionais.

As condicións de matriculación, o perfil de ingreso e o programa formativo do título están accesibles na páxina web da Universidade (http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/alumnado/normativa/), e na páxina web do Centro (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/422-pc04-seleccion-admision-e-matriculacion-de-estudiantes>)

O título axéitase, no que atinxe a requisitos de acceso e admisión, ó establecido no RD 861/2010, e as vías e requisitos de acceso ao título e tamén o perfil de ingreso recomendado atópanse de xeito público e de fácil acceso na memoria do título.

Existen tamén mecanismos axeitados e accesibles de información previa á matriculación e procedementos de acollida e orientación do estudantado de novo ingreso e tamén para o estudantado de continuidade xa matriculado (DO-0203-P1 Orientación ao estudantado). Durante o curso 2014/15 continuamos a desenvolver o “Plano de promoción e captación de estudantes da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo”, aprobado anualmente pola Comisión de Calidade do Centro en cursos pasados. O plano está dirixido ao alumnado de novo ingreso tanto de graos como de mestrados. (Ver Criterio 5.1)

Debido á aprobación do Decreto 222/2011 polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, houbo que augmentar o número de prazas ofertadas de 40 (previstas na memoria) a 50 prazas. A evolución histórica da matrícula superou as expectativas e todos os anos foi superior ás 40 prazas de novo ingreso, sendo o curso 2012/13 o que máis alumnado de novo ingreso rexistrou con 59 estudantes. Dende 2009/10 indica un incremento de 45 estudantes a 56 estudantes no curso 2015/16. Malia que o aumento de alumnado de novo ingreso non foi gradual de curso en curso, os últimos tres anos académicos si mostran unha subida positiva continuada: 2013/14: 53; 2014/15: 54; 2015/16: 56. Isto lévanos a pensar que as estratexias de promoción do grao e de captación de alumnado están a desenvolverse satisfactoriamente.

No curso analizado, 2014/15, fixemos unha oferta de 50 matrículas na titulación. Como sucedera no curso anterior, 2013/14, a demanda é superior á oferta: a matrícula péchase cada ano cunha lista de agarda de alumnado que desexa pero non pode acceder á titulación. No curso 2014/15 rexistráronse 77 matrículas de preinscrición en 1ª opción.

A nota media de acceso do alumnado de novo ingreso permanece relativamente estable en relación ao curso anterior, aínda que se percibe unha pequena baixada: 8,56 en 2014/15, comparado con 8,68 en 2013/14. Porén, a análise comparativa histórica rexistra un aumento destacable dende que se comezou a impartir o grao: 5,26 en 2009/10, 7,59 en 2010/11, 7,75 en 2012/13. O curso académico que rexistrou unha media de acceso máis alta foi o terceiro ano da súa implantación en 2011/12, cunha media de 9,06.

Coma no curso anterior, 2013/14, o 90% do alumnado matriculado en 2014/15 accedeu dende Bacharelato (LOE) e Selectividade, maioritariamente do ámbito *Artes. Artes plásticas, deseño e imaxe* (49 de 59 estudantes). Tres estudantes accederon dende COU (LXE) e Selectividade (4,55%), e o resto por medio de probas de acceso de PAAU, Ciclos Formativos, Estudos Superiores, e Probas de Acceso á Universidade para maiores de 25 anos.

Todas menos un/ha estudante proceden de Galicia, e a maioría procede da provincia de Pontevedra (66,67%).

No momento de redactar este informe, o cadro histórico de matrícula na titulación rexistra 1,028 estudantes dende a implantación da titulación no curso 2009/10 ata o curso 2015/16. Dende 2012/13, o primeiro ano no que os catro cursos da titulación están a ser impartidos, a matrícula global incrementou de 163 estudantes a 214 no ano 2014/15, cun rexistro estable de 213 estudantes no curso vixente 2015/16. O incremento débese en parte ao incremento de alumnado de novo ingreso, mencionado anteriormente; tamén debemos ter en conta o alumnado con materias pendentes que non remata a titulación nos catro anos planificados da titulación.

A duración media de estudos mantense en 4,5 anos, dende que se recollen datos históricos (curso 2012/13). A duración da titulación segundo a memoria verificada é de 4 anos; cómpre mencionar que en ocasións o tempo adicional de matrícula débese a problemas administrativos, como por exemplo non poder presentarse á convocatoria de Fin de Carreira por non ter cursado certas materias como mínimo unha vez.

Para unha mellor reflexión deste criterio, cómpre elaborar unha base de datos de alumnado que permita facer un seguimento da súa evolución ao longo dos seus estudos de grao. Isto permitiría, por exemplo, ter máis datos sobre as causas de abandono.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, de ser o caso, nas sucesivas modificacións.
- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é axeitado ás actividades formativas.
- De ser o caso, o curso de adaptación cumpre a súa función tocante á adquisición de competencias e coñecementos, polos/as estudantes que o cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado nos programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O plano de estudos do Grao de Linguas Estranxeiras foi deseñado para ser realizado en cursos consecutivos de 1º a 4º. O número máximo de créditos por matrícula é de 30 ao semestre e 60 por curso. O total é de 240 créditos.

O cronograma de implantación da titulación está público na memoria. A implantación do título realizouse sen incidencias no curso 2009/10. A docencia na titulación de Filoloxía Inglesa extinguiuse no ano académico 2013/14, aínda que se manteñen as probas de avaliación. No ano académico 2014/15 mantivéronse as probas para o 4º e 5º cursos da licenciatura; en 2015/16 mantéñense as probas para 5º curso.

A definición de módulos e materias do plano formativo deste título segue sendo coherente co establecido no RD 861/2010. O carácter e denominación das materias están publicados na memoria do título. Non se considerou necesario variar a estrutura dos módulos e materias por seren coherentes cos obxectivos e competencias. Porén, o alumnado suxire cambios na impartición das materias de lingua instrumental do segundo e terceiro idioma (ver máis adiante neste informe).

A planificación temporal das ensinanzas está publicada na memoria do título.

Consideramos que o grao de cumprimento da planificación do ensino é satisfactorio en termos xerais, unha vez rematada a implantación do título e despois de tres promocións de graduadas e graduados. Isto non implica que non haxa algúns aspectos susceptibles de mellora nos que é preciso continuarmos traballando.

O tipo de ensino é unicamente presencial; non se chegou a implantar a modalidade semipresencial nin se presentou a súa necesidade.

A presencialidade do grao non é excesiva (32-33% das horas de traballo total do alumnado), o que permite que o alumnado dispoña de tempo suficiente para o estudo, a lectura e a realización dos traballos asignados.

A titulación non conta con convenios con institucións, pois non se contemplan prácticas externas na memoria de verificación.

Debido á aprobación do Decreto 222/2011 polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, houbo que aumentar o número de prazas ofertadas de 40 planificadas na memoria a 50, como se explica no Criterio 1.1 deste informe.

Neste grao non se rexistrou ningún estudante con necesidades educativas especiais.

A elaboración das guías docentes durante 2014/15 para o curso 2015/16 foi relativamente problemática debido aos cambios na estrutura da aplicación informática. Isto xerou gran descontento entre o profesorado, tal e como se documentou na acta da Xunta de Centro na que se aprobaron as guías (2/07/2015). Sobre a reflexión de adquisición de competencias, ver o Criterio 6.1 neste informe.

A documentación para o Suplemento Europeo ao Título (SET) foi enviada en xuño de 2015 nunha primeira instancia (curso 2014/15), e en setembro 2015 nunha segunda quenda, cando se solicitou que ampliásemos o texto redactado (curso 2015/16).

IDIOMAS DA TITULACIÓN

Os idiomas de impartición das ensinanzas no Grao de Linguas Estranxeiras son: galego e castelán en materias de formación básica de 1º curso; inglés como primeiro idioma estranxeiro; e francés, alemán e portugués como segundo/terceiro idioma estranxeiro.

O idioma portugués aparece na memoria como 2º idioma estranxeiro, mais unicamente se pode ofrecer como 3º idioma estranxeiro en 3º e 4º cursos da titulación por mor das restricións orzamentarias da Universidade, que non fornece os recursos humanos necesarios para impartilo como 2º idioma. Esta é unha demanda do alumnado que se recolle cada ano e que queda patente no incremento de matriculación na materia *3ª idioma estranxeiro: Portugués*; que dobrou a matrícula de 7 estudantes no primeiro curso que se impartiu (2011/12) a 18-19 estudantes nos cursos 2012/13 e 2013/14. A demanda reflíctese tamén na materia *Traballo de Fin de Grao*: no curso 2014/15 unha estudante redactou o traballo en lingua portuguesa, tal e como permite a guía docente, dentro dunha liña de lingüística xeral; no curso 2015/16 ofrecéronse dúas liñas de traballo específica para estudos lusófonos e (de momento) hai un estudante matriculado. Consideramos que a oferta de lingua portuguesa é un dos grandes atractivos da nosa titulación en comparación con outras titulacións da comunidade galega. Durante o curso 2015/16 o equipo directivo do Grao de Linguas Estranxeiras colaborará co profesorado da área de lingua portuguesa para solicitar oficialmente os recursos humanos necesarios e así tentar impartir este idioma como 2º idioma, consonte o planificado na memoria.

Outro aspecto documentado na enquisa de satisfacción propia da titulación é a demanda de que o segundo idioma e o terceiro idioma sexan impartidos con continuidade. Na memoria vixente, o segundo idioma en 3º curso ten docencia no segundo cuatrimestre pero non no primeiro cuatrimestre, deixando un baleiro dun cuatrimestre enteiro de 2º curso (2C) a 3º curso (2C). Pola súa banda, o terceiro idioma en 3º curso non ten docencia no segundo cuatrimestre, deixando igualmente un baleiro dun cuatrimestre entre 3º curso (1C) e 4º curso (1C). A loxística dunha modificación para mellorar a situación presenta gran dificultade: se engadimos docencia nos cuatrimestres actualmente sen docencia, precisaríamos de recursos humanos para ampliar a contratación de docencia, e o número de créditos total veríase afectado. Como alternativa, pódese estudar a posibilidade dunha modificación no cuatrimestre no que as materias son impartidas.

MATERIA TRABALLO DE FIN DE GRAO

A materia *Traballo de Fin de Grao* (TFG) precisa de reflexión en moitos aspectos. Malia os bos resultados de avaliación e rendemento, esta materia continúa xerando moito descontento tanto no sector profesorado coma no sector alumnado, descontento derivado da súa xestión no marco da normativa vixente da Universidade.

O profesorado manifesta o seu malestar principalmente porque esta materia non se recoñeza debidamente no Plan de Ordenación Docente (POD) da titulación e porque considera insuficiente que a dirección dos traballos se recoñeza a posteriori no POD do curso seguinte. Ademais, coa nova normativa vixente dende xullo 2015, unicamente se

recoñecen os traballos defendidos e aprobados (é dicir, non se recoñece a supervisión de traballos que quedan pendentes dun curso para outro). Moi especialmente, o profesorado rexeita que a avaliación dos traballos sexa considerada unha obriga docente pero non se recoñeza de ningún xeito por parte da Reitoría; a Facultade de Filoloxía e Tradución (non a Vicerreitoría) outorgou 2 horas de recoñecemento á proposta do equipo directivo, o cal é a todas luces insuficiente dado o número de traballos que avalía cada tribunal (no Grao de Linguas Estranxeiras unha media de 15/16 traballos por curso). No curso 2014/15, coma en 2013/14, houbo algún PDI que se negou a participar nas comisións de avaliación argumentando que a súa capacidade docente xa estaba cuberta.

Outro motivo de malestar derívase do feito de que a materia TFG carece de docencia presencial. O alumnado vén reclamando reiteradamente o seu dereito a recibir formación metodolóxica presencial nunha materia que paga a mesma matrícula que calquera outra, e que de feito ten maior importancia administrativa: coa normativa vixente de xullo de 2015, o alumnado non pode realizar a defensa oral ata ter todos os créditos da titulación superados. As queixas do alumnado foron recollidas nas xuntanzas coa coordinadora da materia e co profesorado titor do Plan de Acción Titorial (PAT). No curso 2014/15 a coordinadora impartiu voluntariamente 4 horas de docencia presencial, como se indica na guía docente, malia que non é recoñecido nin valorado no POD. Esta práctica non debe continuar se non hai cambio na normativa por parte da Vicerreitoría.

No curso 2014/15, seguindo a boa práctica do curso anterior, reflexionouse sobre a experiencia na materia en xuntanzas convocadas tanto polo Vicedecanato de Calidade coma pola coordinadora do Grao, coas outras coordinadoras de titulacións no centro. Non obstante, as eivas derivadas da carencia de docencia presencial e de recoñecemento docente son dificilmente subsanables sen un cambio da normativa por parte da Vicerreitoría.

Co fin de clarificar o funcionamento da materia a nivel interno da titulación, alén do regulamento da materia no centro e da guía docente publicada, mais atendendo aos cambios introducidos pola Vicerreitoría a mediados do curso 2014/15, a coordinadora da materia preparou documentos informativos para o alumnado e para o profesorado. A coordinadora tamén mantivo reunións informativas co alumnado e co profesorado no segundo cuadrimestre de 2014/15.

GRUPOS DE SESIÓNS PRÁCTICAS

Outro aspecto a valorar neste Criterio é o tamaño dos grupos nas sesións prácticas. No curso 2014/15 continuouse observando unha crecente masificación dos grupos de prácticas debido ao aumento do alumnado, derivado da aplicación do Decreto da Xunta que obriga a ter unha media de 50 estudantes de novo ingreso, cando na memoria de verificación do Grao estaban contemplados 40 estudantes. Por este motivo, os grupos prácticos son bastante numerosos, superando en ocasións os 20 estudantes. Por exemplo, a materia de 1º curso *Historia dos países do primeiro idioma estranxeiro: inglés* conta con dous grupos de 32 e 34 estudantes respectivamente. As materias de lingua instrumental *Primeiro idioma estranxeiro: inglés* a nivel I, II, III e IV (1º curso) están divididas en tres grupos pero todas elas superan a matrícula de 60 estudantes e polo tanto os grupos son sempre superiores a 20 persoas (por exemplo, Inglés II ten 88 estudantes). Esta masificación redonda nunha merma da calidade da docencia e tamén en problemas de tipo práctico, especialmente naquelas materias que fan uso de laboratorios ou aulas especiais cun aforo limitado. Porén, os recortes orzamentarios da Universidade non permiten aumentar o número de grupos.

Cómpre destacar tamén como aspecto negativo na calidade da docencia a modificación na Planificación Docente Anual (PDA) realizada durante o curso 2014/15 para o curso 2015/16. Debido ás restricións económicas impostas pola Vicerreitoría, no Grao de Linguas Estranxeiras tivemos que reducir o número de horas presenciais en certas materias. A coordinadora da titulación, en consulta co equipo decanal, tomou a decisión de aplicar a redución ás materias de “formación básica” impartidas en 1º curso, por seren estas impartidas en lingua materna: a materia *Lingua: Comunicación escrita e oral en lingua española* viuse reducida de 3 a 2 grupos prácticos, e as materias *Lingüística: Describir a linguaxe* máis *Literatura: Pensar a literatura* foron reducidas de 4 a 2 grupos prácticos. Esta modificación deriva nun agravio comparativo significativo no sector profesorado: o profesorado que imparte estas materias pertence a áreas de coñecemento nas que abundan as folgas de horas docentes, mentres que o profesorado das áreas de linguas estranxeiras (departamento FIFA) que imparte a maioría das materias no GLE non goza de folgas e sufriu unha gran intensificación docente tras a aplicación do “Decreto Wert”.

MOBILIDADE DO ALUMNADO

Os informes de verificación da titulación en cursos anteriores recollen a observación de que os programas de mobilidade son un punto forte da nosa titulación, e consideramos que o seguiu sendo no curso 2014/15. As accións

de mobilidade promovidas son adecuadas para favorecer o cumprimento dos obxectivos establecidos para os graos do centro e seguen o procedemento de xestión da mobilidade establecido (DO0205). O noso centro, a Facultade de Filoloxía e Tradución, destaca como centro emisor e receptor de estudantes nos programas de mobilidade promovidos pola Universidade e dispón dun grupo de titoras/es que orientan ao estudiantado saínte e entrante no que for preciso.

Na páxina web do centro (<http://fft.webs.uvigo.es/>) ofrécese unha pestana específica para asuntos de “Relacións Exteriores”, na que pode dispoñerse da seguinte información sobre a mobilidade no Centro: a normativa interna de mobilidade estudiantil, a normativa interna para alumnado, os criterios para validacións, as funcións do Vicedecanato responsables desta área e as bolsas do programa intensivo. A información restante está dispoñible na web da ORI (http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/ori/) e proporciónaselles ao estudiantado a través de reunións do Plan de Acción Titorial (PAT) e de reunións informativas específicas co persoal da ORI e o Vicedecanato de Relacións Exteriores do Centro.

No curso 2014/15 houbo 15 estudantes saíntes (de 214 matriculados, un 7%). A distribución dos destinos é a seguinte: 10 en Reino Unido, 2 en Alemaña, 1 en Eslovaquia, 1 en Italia, 1 en EEUU. Se comparamos os datos co curso anterior 2013/14 observamos unha redución no número de estudantes de 10,71% ao 7% (2013/14: 21 estudantes de 196 matriculados). Aínda que os motivos para este descenso non se explican nas enquisas, as entrevistas co estudiantado poñen de manifesto que a principal causa para non participaren nos programas de mobilidade é a mala situación económica das familias, xa que as bolsas de mobilidade soamente cobren parcialmente os gastos da estada no estranxeiro. Tamén hai que ter en conta que certos convenios con universidades europeas foron pechados ou reduciron o número de prazas ofertadas (por exemplo, a Universidade de Kent en Reino Unido reduciu a oferta de 4 a 2 prazas no curso 2014/15). Xa que logo, o descenso pode deberse a cuestións de oferta e cuestións económicas e non á perda de interese nos programas de mobilidade existentes.

O número de estudantes entrantes no Centro no curso 2014/15 é de 176. Non dispoñemos de datos da distribución por Grao neste ítem e non dispoñemos de datos históricos para poder analizar a súa evolución con cursos anteriores.

Non se pode valorar tampouco a opinión do alumnado sobre o ítem mobilidade porque o novo deseño da enquisa de satisfacción do curso 2014/15 non inclúe o indicador 73 “Satisfacción cos programas de mobilidade”.

Tal e como sucedera en cursos anteriores, no curso 2014/15 continuaron a observarse algunhas incidencias derivadas da diverxencia entre os calendarios académicos da nosa Universidade e de moitas universidades europeas. Isto provoca que o alumnado entrante se incorpore ás aulas da nosa Universidade con moito retraso, ás veces até un mes, o cal dificulta enormemente a súa participación na avaliación continua e supón un esforzo extra por parte do profesorado para acomodar este alumnado no normal desenvolvemento das aulas. A Comisión de Calidade reunida en marzo de 2015 (2014/15) debateu a situación e tomou acordos sobre cuestións relacionadas co impacto na docencia da presenza de estudantes de intercambio nas aulas.

ENQUISAS

A continuación ofrécese un resumo dos principais indicadores das **enquisas de satisfacción** realizadas a **estudantes** no curso 2014/15, con referencia á súa evolución histórica, se for posible. (En ocasións os indicadores están presentados en porcentaxes debido ao cambio recente na escala de valoración: no curso 2014/15 a escala é sobre 5; nos cursos anteriores era sobre 7.)

- Grao de satisfacción sobre os obxectivos e competencias: 72,6% (3,63/5). Non hai cadro histórico para poder avaliar a evolución, pero o valor superior a 70% é claramente positivo.
- Grao de satisfacción sobre a planificación e desenvolvemento do ensino. A enquisa de avaliación docente documenta dous ítems relacionados nos que a satisfacción é altamente positiva. Por unha banda, a valoración global da planificación das materias en 2014/15 acada unha porcentaxe saudable de 77% (3,85/5); isto supón un aumento en comparación ao curso 2013/14 (75%; 3,73/5), e a media de 2014/15 é tamén superior á media da Universidade (72%; 3,60/5). Por outra banda, a valoración global do desenvolvemento das materias canto á información planificada na guía docente rexistra unha porcentaxe superior de 82,2% (4,11/5), máis elevada cá media da Universidade (76,8%; 3,84/5) e cá valoración do curso pasado 2013/14 (79,6%; 3,98/5). Debemos mencionar que os datos recollidos nas enquisas de satisfacción en relación a este ítem de planificación e desenvolvemento amosan unha porcentaxe inferior ás rexistradas na enquisa docente: 53% (2,65/5). O cadro histórico indica que o valor baixou levemente dende o curso

pasado 2013/14, mentres que se mantivo estable nos cursos académicos anteriores: 61,14% en 2013/14; 61,57% en 2012/13; 60,57% en 2011/12. Con todo, consideramos que a enquisa de avaliación docente ofrece datos máis sólidos a este respecto por ofertar o desglose planificación/desenvolvemento e por centrarse nas materias de xeito máis específico.

- As enquisas de avaliación docente tamén recollen datos positivos no tocante á valoración global das materias da titulación: 83,2% (4,16/5), superior á media da Universidade (78,6%; 3,93/5), e incrementando a valoración do curso anterior 2013/14 (82%; 4,10/5).

Seguindo a boa práctica que introduciu a anterior coordinadora da titulación en cursos pasados, neste curso 2014/15 tamén se realizou unha **enquisa propia do Grao de Linguas Estranxeiras**. Esta foi distribuída no espazo de teledocencia FAITIC da coordinación, tras unha campaña informativa durante a que se fixo moito fincapé na súa importancia:

- Un 63,15% do alumnado que respostou considera que a proporción entre clases teóricas e prácticas é adecuada, o que supón un aumento dende o curso 2013/14 (60,71%).
- Pola contra, observamos unha baixada na valoración do desenvolvemento das actividades propostas nas guías docentes de 62,06% no curso 2013/14 a 57,89% no curso 2014/15. Unha das razóns que pode explicar este descenso na satisfacción do alumnado é a xa mencionada masificación de estudantes nos grupos prácticos. Cun número elevado de estudantes por grupo, a/o docente non pode realizar as tarefas programadas coa mesma celeridade, a mesma dinámica, ou no mesmo espazo (por exemplo, laboratorios de idiomas).

No que atinxe ás enquisas **de satisfacción do profesorado** no curso 2014/15, cabe destacar as seguintes observacións:

- Grao de satisfacción do sector PDI cos obxectivos e competencias: 73,6% (3,68/5). Por mor da modificación no deseño na enquisa elaborada no curso 2014/15 non temos datos históricos para comparar este ítem; se ben os resultados parecen bastante positivos superando o 70%.
- Grao de satisfacción do sector PDI coa planificación e desenvolvemento do ensino: 64,4% (3,22/5). Este ítem presenta unha baixada marcada en relación ao curso anterior 2013/14 (79,14%), que de por si xa rexistrara unha baixada histórica dende o curso 2012/13 (82,28%). Unha razón obvia desta porcentaxe de descontento é a implantación do “Decreto Wert” coa consecuente deriva nunha carga docente excesiva; se o profesorado está sobrecargado de docencia e de xestión, isto repercute naturalmente no desenvolvemento do ensino.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias polos/as estudantes e, de ser o caso, establécense as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias-do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso no que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso no que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten ás/aos estudantes acadar as competencias asociadas as devanditas prácticas.
- No caso no que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os/as estudantes poidan acadar as mesmas competencias, con independencia da a modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na memoria de verificación existe información sobre os mecanismos de coordinación.

Ao remate do curso académico 2014/15, a coordinadora da titulación entregou á Vicedecana de Calidade un informe detallado das actividades de coordinación, no que se documentan ítems relacionados coa coordinación vertical e, de ser o caso, horizontal, no que atinxe ao sector alumnado e profesorado.

No curso 2014/15 continuamos coa boa práctica de realizar xuntanzas cuatrimestrais entre a coordinadora da titulación e o alumnado, por unha banda, e entre a coordinadora e o profesorado, por outra, co fin de reflexionar sobre o desenvolvemento da docencia e de detectar os problemas presentados ao longo do curso. Estas xuntanzas

complementan o labor do Plan de Acción Titorial (PAT), e están documentadas con detalle no informe anual da coordinadora.

Como ben se recolle en informes de seguimento de cursos anteriores, existe, dende hai tempo, unha necesidade importante de crear un sistema de coordinación horizontal (coordinadores/as de curso) que complemente á coordinación vertical (a coordinación da titulación). A implantación da coordinación horizontal axudaría a acadar unha correcta distribución das competencias e da carga de traballo do alumnado.

- A coordinación horizontal tería as seguintes funcións: xestionar unha páxina en FAITIC (plataforma de teledocencia), reunirse co profesorado do curso correspondente para elaborar as guías docentes, traballar co Vicedecanato de Organización Académica para resolver incidencias cos horarios e os grupos de traballo, revisar horarios das actividades e das datas de avaliación para que non haxa solapamentos, reunirse co alumnado a comezos do 2º cuatrimestre para facer unha pequena presentación das novas materias e do novo profesorado, informar sobre o PAT a comezos de curso, facer de ponte entre a Delegación do Alumnado e o profesorado, realizar a enquisa de satisfacción propia do curso correspondente, realizar un informe final de coordinación.
- A coordinación do título supervisaría todo o proceso de coordinación, reuniríase coa coordinación horizontal ao longo do curso e co profesorado que fose necesario e levaría a cabo as tarefas correspondentes á realización do informe anual de seguimento.

Malia a súa importancia para o bo funcionamento da titulación, e malia o recoñecemento da súa necesidade por parte da Vicerreitoría de Calidade no informe de seguimento de cursos anteriores, non hai voluntarias/os do sector PDI para desempeñar as tarefas de coordinación horizontal nos cursos do Grao de Linguas Estranxeiras (4 en total); tampouco houbo voluntarias/os nas outras titulacións do Centro. A razón principal é á insuficiente valoración por parte dos órganos de goberno no Plan de Ordenación Docente (POD) das/dos docentes implicados. Cómpre salientar a observación do informe de seguimento do curso 2013/14: “Se recomienda, dotar a las coordinaciones de mayor protagonismo en los aspectos más relacionados con su responsabilidad (competencias, plan, y resultados, especialmente) a la vez que se exige a la Universidad un mayor reconocimiento a dicha labor, que es imprescindible en los centros y títulos que han implementado un SGIC”. Continuaremos insistindo na súa necesidade mediante a solicitude de recoñecemento no POD do cargo de coordinación de curso, coa colaboración do equipo decanal. Esta proposta depende, en calquera caso, da posibilidade de ofrecerlle ao profesorado encargado algunha desgravación docente como compensación pola carga de traballo que supón o labor de coordinación.

Con todo, no curso académico 2014/15 a coordinadora da titulación levou a cabo certas accións de coordinación horizontal que tiñan carácter urxente:

- Calendario interno de probos de avaliación do segundo cuatrimestre do GLE. A coordinadora elaborou un calendario de probas de avaliación para evitar solapamento de datas no mesmo curso.
- Coordinación das materias de lingua instrumental do primeiro idioma (inglés). Nunha primeira fase, a coordinadora da titulación mantivo unha xuntanza cunha docente do grao que mostrou a súa preocupación polo baixo rendemento (na súa impresión) do alumnado nas materias de lingua instrumental que ela imparte, e o seu descontento coa distribución da docencia das sete materias que forman esta asignatura. A coordinadora, e a directora do departamento, valoraron que as suxestións da profesora non podían ou debían levarse a cabo por razóns de POD. Nunha segunda fase, a coordinadora da titulación convocou a todo o profesorado das sete materias de lingua instrumental no idioma primeiro inglés co fin de alcanzar uns criterios homoxéneos na elaboración das guías docentes para o curso 2015/16. Nesta xuntanza, que tivo lugar en maio de 2015, tomáronse importantes acordos en consenso que podemos prever axudarán a un mellor desenvolvemento da docencia no vindeiro curso.
- Coordinación do profesorado titor na materia Traballo de Fin de Grao (TFG). Como ten sido manifestado noutros informes e criterios deste informe, a materia TFG xera descontento entre o profesorado e o alumnado. Durante o curso 2014/15 a coordinadora da titulación mantivo varias xuntanzas informativas para explicar o procedemento e os cambios no regulamento da Vicerreitoría; elaborou documentos informativos detallados sobre o procedemento, os cales estiveron dispoñibles (e foron actualizados) na plataforma de FAITIC todo o curso; e colaborou coa directora do departamento FIFA na elaboración das comisións de avaliación. A percepción da coordinadora nestas xuntanzas, é que o resultado destas tarefas de coordinación foi positivo, polo menos canto á comprensión dos procedementos. Con todo, é unha tarefa moi tediosa que debería recibir adicación dun/ha docente en particular e non da coordinadora da titulación.

Malia a falta de recursos humanos para implantar a coordinación horizontal, os resultados das enquisas ao alumnado non son de todo desalentadoras, o que demostra o esforzo do profesorado por manter un bo desenvolvemento da ensinanza. Na enquisa de avaliación docente observamos un valor moi positivo de 80,2% (4,01/5), significativamente

superior á media da Universidade (75,8%; 3,79/5) e tamén superior á media da titulación no curso anterior 2013/14 (78,8%; 3,94/5). O incremento na satisfacción do alumnado é máis destacable na enquisa propia do Grao de Linguas Estranxeiras: dobramos a valoración de 28,07% no curso 2013/14 a 63,15% no curso 2014/15.

Na enquisa de satisfacción ao profesorado realizada no curso 2014/15 non se recollen datos sobre este ítem de coordinación. Con todo, podemos mencionar que en cursos anteriores o profesorado avaliou moi positivamente a coordinación entre docentes: 78,57% (5,5/7). Este é un ítem que está ben valorado dende o comezo das enquisas: 79,71% en 2012/13; 73,57% en 2011/12.

Non se rexistraron reclamacións ou queixas oficiais no Decanato relacionadas con docentes do Grao de Linguas Estranxeiras durante o curso 2014/15.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os/as estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso axeitado para iniciar os estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- De ser o caso, os complementos de formación cumpren a súa función de nivelar y acadar as competencias e coñecementos polas/os estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título axéitase, no que atinxe a requisitos de acceso e admisión, ó establecido no RD 861/2010.

As vías e requisitos de acceso ao título e tamén ao perfil de ingreso recomendado atópanse de xeito público e de fácil acceso na memoria do título.

Existen tamén mecanismos axeitados e accesibles de información previa á matriculación e procedementos de acollida e orientación do estudantado de novo ingreso e tamén para o estudantado unha vez matriculado (DO-0203-P1 Orientación ao Estudantado). A información está dispoñible na páxina web do centro, na sección de Calidade/SGIC (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft>).

As condicións de matriculación, o perfil de ingreso e o programa formativo do título está accesible na páxina web da Universidade (http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/alumnado/normativa/), e na páxina web do Centro (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/422-pc04-seleccion-admision-e-matriculacion-de-estudiantes>).

A guía de adaptacións para o estudantado que provén dos títulos que se extinguen está publicada na páxina web do Centro (<http://fft.webs.uvigo.es/>).

A nota media de acceso do alumnado de novo ingreso permanece relativamente estable en relación ao curso anterior, aínda que se percibe unha lixeira baixada: 8,56 en 2014/15; 8,68 en 2013/14. Porén, a análise comparativa histórica rexistra un aumento destacable dende que se comezou a impartir o grao: 5,26 en 2009/10; 7,59 en 2010/11; 7,75 en 2012/13. O curso académico que rexistrou unha media de acceso máis alto foi o terceiro ano da súa implantación en 2011/12 con 9,06.

Coma observamos no curso pasado 2013/14, o 90% do alumnado matriculado en 2014/15 accede dende Bacharelato (LOE) e Selectividade, maioritariamente do ámbito das artes: *Artes plásticas, deseño e imaxe* (49 de 59 estudantes). Tres estudantes accederon dende COU (LXE) e Selectividade (4,55%), e o resto seguiron probas de acceso de PAAU, Ciclos Formativos, Estudos Superiores, e Probas de Acceso á Universidade para maiores de 25 anos.

Todas menos un/ha estudante proceden de Galicia, e a maioría procede da provincia de Pontevedra (66,67%). Os datos proporcionados sobre a adecuación, ocupación e preferencia do estudantado de novo ingreso na titulación rexistran un aumento positivo no ítem “adecuación”: de 83,00% no curso 2013/14 a 87,04% en 2014/15. Tamén observamos un lixeiro incremento no ítem “ocupación” de 106,00% no curso 2013/14 a 108,00% en 2014/15. Pola contra, o ítem “preferencia” mostra unha baixada notable de 170,00% no curso 2013/14 a 154,00% en 2014/15; non disponemos de máis datos para poder analizar as razóns que poidan derivar na baixada de porcentaxe neste último ítem en particular.

Non se pode valorar a opinión do alumnado sobre o ítem de acceso e admisión porque o novo deseño da enquisa de satisfacción do curso 2014/15 non inclúe o indicador correspondente (71: "Satisfacción co proceso de selección, admisión e matriculación").

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia tocante aos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, e outras relacionadas coa avaliación, traballos de fin de grao/mestrado, prácticas externas, ...) desenvólvese segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudiantado e as competencias a acadar no título. Impacto das mesmas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A aplicación das distintas normativas vixentes no regulamento do centro e da titulación sucedeuse sen incidencias durante o curso analizado, 2014/15.

A páxina web do Centro (<http://fft.webs.uvigo.es/>) inclúe unha pestana específica sobre regulamentos e comisións; por exemplo, o regulamento de uso de instalacións, o regulamento da materia *Traballo de Fin de Grao*, o regulamento de Teses de Licenciatura, e o regulamento de horarios. O alumnado ten acceso a información sobre outras normativas vixentes na páxina web da Vicerreitoría de Estudantes (http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/alumnado/normativa/); por exemplo, a normativa de permanencia e progreso, a instrución sobre cambios de centro en titulacións co mesmo plan de estudos na Universidade, ou a instrución para a avaliación por compensación.

No que atinxe ao regulamento de horarios, no curso 2014/15 aprobouse (maio 2015) unha nova normativa para atender dun xeito máis satisfactorio as novas titulacións, unha vez extinguidas as licenciaturas.

O regulamento vixente na Facultade de Filoloxía e Tradución para a materia Traballo de Fin de Grao foi aprobado en maio de 2012 (curso 2012/13). Durante o curso 2014/15 a Vicerreitoría de Estudantes modificou varios ítems no regulamento da Universidade (http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/alumnado/normativa/). En consecuencia, a Vicedecana de Calidade do noso centro comezou a preparar un novo regulamento interno para a FFT en colaboración coas coordinadoras de titulación. Tras varias xuntanzas, presentamos un borrador do novo regulamento na Comisión de Calidade celebrada en xullo de 2015, se ben non houbo tempo de presentalo na Xunta de Centro e quedou pendente de aprobación durante o curso 2015/16.

Co fin de clarificar o funcionamento da materia TFG a nivel interno no Grao de Linguas Estranxeiras, alén do regulamento da materia no centro e da guía docente publicada, a coordinadora da titulación preparou documentos informativos para o alumnado e para o profesorado, que estiveron dispoñibles na plataforma FAITIC durante o curso 2014/15. A coordinadora tamén mantivo reunións informativas co alumnado e co profesorado no segundo cuatrimestre, con resultados (na súa impresión) satisfactorios, a vulgar polos comentarios do alumnado e o desenvolvemento das probas de avaliación. No curso 2015/16 actualizarase a documentación despois de que o novo regulamento sexa aprobado na Xunta de Centro; a este efecto xa tivo lugar unha xuntanza co profesorado do GLE en outubro de 2015.

Os procedementos para o recoñecemento e adaptación do estudiantado son os correctos polo que o estudiantado procedente de plans extinguidos e ciclos de formación profesional non refiren ningún problema relacionado con estes aspectos.

O recoñecemento de créditos por estudos previos está publicado na memoria da titulación. O regulamento de recoñecemento de créditos por actividades universitarias, culturais, deportivas, de representación estudiantil, solidarias e cooperación está publicado na páxina web da Vicerreitoría de Estudantes (http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/alumnado/normativa/).

Na nosa titulación, durante o curso 2014/15 recoñecéronse un total de 429.0 a 12 estudantes. Non temos datos dispoñibles do tipo de créditos recoñecidos para ofrecer unha análise detallada a este respecto. O cadro histórico indica unha baixada gradual en comparación ao curso 2013/14, no que se recoñeceron 498.0 créditos (5 estudantes), e ao curso 2012/13, con 549.0 créditos (7 estudantes). Pola contra, os cursos anteriores rexistran un número de créditos recoñecidos marcadamente inferior (2011/12: 54.0 créditos, 3 estudantes; 2010/11: 117.0 créditos, 7 estudantes; 2009/10: 54.0 créditos, 3 estudantes). Estas tendencias coinciden cos anos académicos de extinción da docencia na Licenciatura de Filoloxía Inglesa (dende o curso 2012/13).

O Grao de Linguas Estranxeiras non contempla na súa memoria a realización de prácticas externas. Esta é unha demanda continua do alumnado que pode influir negativamente no grao de satisfacción da titulación, como se recolle en comentarios da enquisa propia do GLE. A demanda pode estar relacionada co feito de que outras titulacións do centro como Tradución e Interpretación si inclúen prácticas laborais, e, a nivel máis xeral, pode relacionarse coa situación laboral precaria actual que exige unha maior preparación no mundo laboral.

No informe de seguimento de cursos anteriores facíase mención de incidencias continuas de plaxio por parte do alumnado. O plan de mellora do centro inclúe unha acción adicada a esta problemática, co fin de acadar un compromiso ético firmado polo alumnado para evitar casos de plaxio. No momento de redactar este informe, a acción do plan de mellora está pendente do desenvolvemento dunha política institucional da universidade a este respecto.

O sistema de avaliación nas materias impartidas no Grao de Linguas Estranxeiras axústase á normativa da Universidade de Vigo (ver Criterio 6.1).

Por último, é relevante citar a observación do informe da Área de Calidade do seguimento do curso 2013/14: obsérvase “Excesiva dependencia del equipo de gobierno del Centro, para todas las actividades relacionadas con el Título, y la Gestión de su Sistema de Calidad”.

CRITERIO 1:

Puntos febles detectados:

- (1.1) Non se dispón de información suficiente sobre a evolución do alumnado durante a súa estadía na titulación.
- (1.2) O idioma estranxeiro portugués non está a ser ofertado como segundo idioma.
- (1.2) Falta de continuidade en 3º curso da oferta de segundo idioma (en relación a 2º curso) e de terceiro idioma (en relación a 4º curso).
- (1.2) Materia *Traballo de Fin de Grao* (TFG). Falta de recoñecemento das tarefas de avaliación no POD, e insuficiente recoñecemento das tarefas de supervisión.
- (1.2) Materia TFG. Falta de docencia presencial.
- (1.2) Masificación nos grupos prácticos de certas materias.
- (1.3) Falta de recursos para crear un sistema de coordinación horizontal.
- (1.5) Necesidade de establecer un compromiso ético por parte do alumnado para evitar o plaxio.

Accións de mellora a implantar:

- (1.1) Crear un rexistro de datos de alumnado de novo ingreso e analizar a súa evolución na titulación.
- (1.2) Colaboración coa área de lingua portuguesa para solicitar contratación de recursos humanos.
- (1.2) Reflexionar sobre unha posible redistribución das materias de segundo e terceiro idioma no 3º curso da titulación.
- (1.2) Solicitarlle á Vicerreitoría un maior recoñecemento polo labor desenvolvido na materia TFG.
- (1.2) Solicitarlle á Vicerreitoría a asignación de créditos de docencia presencial na materia TFG.
- (1.2) Solicitarlle á Vicerreitoría un maior número de horas na PDA para poder acadar unha mellor distribución de grupos prácticos.
- (1.3) Solicitarlle á Vicerreitoría apoio para establecer un sistema de coordinación horizontal.
- (1.5) Solicitarlle á Vicerreitoría a elaboración dun compromiso ético por parte do alumnado para evitar o plaxio.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificacións e seguimento do título, incluíndos os plans de mellora

E3: Plan de ordenación docente do título

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e cursoacadémico)

E5: Documentación do SGC: evidencias da implantación dos procedementos relacionados coa organización e desenvolvemento do título: informes ou actas que evidencien reunións de coordinación, información sobre o proceso de admisión, perfís reais de ingreso, xestión das prácticas externas,...

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.)

E7: Informes sobre o recoñecemento de créditos para valorar se son axeitados

E8: Informes/documentos nos que se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso real dos estudantes do título

E9: Normativas da universidade e a súa aplicación

E10: Horarios

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I1: Evolución do número de estudantes matriculadas/as por curso académico

I2: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I3: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese (cuestión relacionadas coa organización e o desenvolvemento do plan de estudos)

I5: Evolución dos indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan nos programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados, ...)

I6: Duración media dos estudos (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I7: Distribución do alumnado por grupos

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar a maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantizan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e atópase dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados acadados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Descrición do título" emitida no informe de seguimento 2013/14 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2014/15. Continuouse traballando na mesma liña, e reformouse a páxina web do centro co fin de acadar unha maior transparencia e visibilidade do funcionamento do centro, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

A páxina web do centro (<http://fft.webs.uvigo.es/>) recolle información completa sobre todos os aspectos do título, con enlaces directos á súa descrición dende a páxina principal e dende as pestanas na parte superior da páxina. A información adicional sobre regulamentos e outros aspectos relacionados con Calidade aparecen na sección de Calidade/SGIC, que ten un enlace propio cunha icona dende a páxina principal (fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft).

As ligazóns relativas á información pública revisáronse e funcionan correctamente na data de redacción do informe. Nela aparecen claramente os seus responsables. A información revísase e actualízase periodicamente.

No informe de seguimento do curso pasado 2013/14 mencionáronse varios ítems susceptibles de mellora; tal e como foi alegado no seu momento, os puntos febles eran responsabilidade do centro e non da titulación. Os ítems subsanados mediante o plan de mellora para o curso 2014/15 son os seguintes: o formato das pestanas da páxina web, as cores e a accesibilidade melloraron positivamente; as novidades presentadas en imaxes rotando na web van máis lentas; a táboa de horarios por cuadrimestre ofrece máis detalle para unha mellor interpretación por parte do alumnado (inclúese o código da materia e o nome da/do profesor/a que imparte a materia); o acceso á información do Plan de Acción Titorial (PAT) aparece directamente na sección "Información Académica"; os resultados e taxas académicas poden atoparse intuitivamente dentro da sección "Resultados de Aprendizaxe", dependente da sección de Calidade/SGIC; os documentos dispoñibles ofrecen a opción de verse en liña ou descargarlos; o plan de estudos da titulación (resume de dúas páxinas) ten unha ligazón directa dende a páxina principal. Ademais, na sección "Información Académica" ofrécese un enlace directo á sección "Estudos e Titulacións" da páxina web da Universidade.

Na revisión e actualización da páxina web do centro non se abordaron os seguintes ítems: considerouse que o documento "Liñas de investigación do Trballo de Fin de Grao" debe estar dispoñible no espazo de teledocencia da materia TFG de cada grao, e non na páxina web do centro; o apartado de lexislación non se modificou; a táboa de horarios por cuadrimestre mellorouse, pero os encabezamentos entre follas non foron incorporados.

Alén das modificacións levadas a cabo polo centro na páxina web da Facultade, o Grao de Linguas Estranxeiras tamén modificou e actualizou a páxina web do departamento FIFA (Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá) ao que pertencen a maioría dos docentes da titulación (<http://fifa.uvigo.es>). O obxectivo era igualmente aportar máis información sobre a titulación e o seu profesorado, e así mellorar a transparencia e comunicación co alumnado.

A enquisa de avaliación docente realizada polo alumnado no curso 2014/15 rexistra unha valoración moi positiva en relación á dispoñibilidade e accesibilidade de información sobre as guías docentes da titulación: 88,4% (4,42/5). Este dato é notablemente superior á media da Universidade (82%; 4,10/5) e tamén documenta un aumento en comparación ao curso anterior 2013/14: 87,2% (4,36/5).

CRITERIO 2:	
<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • (2.1) A sección sobre lexislación na páxina do centro é susceptible de mellora. • (2.1) O deseño dos horarios do centro é susceptible de mellora. 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • (2.1) Ampliar a información sobre lexislación na páxina web do centro. • (2.1) Mellorar o deseño dos horarios do centro.
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración:</p> <p>E2: Informes de verificación, modificacións e seguimento do título, incluíndo os plans de mellora</p> <p>E11: Páxina web do título/centro/universidade</p> <p>E12: Informes ou documentos públicos nos que se recollan e se fagan públicos os principais resultados do título</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese (cuestión relacionadas coa información publicada na páxina web do título/centro/universidade)</p>	

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC contén os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.

Aspectos a valorar:

- O procedementos que permiten recoller a información de xeito continuo, analizar os resultados e utilízalos para a toma de decisión e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo co establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- O procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e do profesorado desenvolvéronse de acordo co establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólvese de acordo co establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

O Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC) da Facultade de Filoloxía e Tradución, validado pola ACSUG, pretende regular o seguimento das accións relacionadas co control da calidade no centro. A Área de Calidade da Universidade forneceunos dunha aplicación informática para xestionar esta información. No curso 2013/14 o SGIC da Facultade someteuse ao proceso de certificación da implantación do SGIC, dentro do que se celebrou unha auditoría externa. Segundo consta no informe, a Facultade logrou unha correcta e adecuada implantación da meirande parte dos procedementos do seu SGIC e o seu funcionamento está claramente orientado á mellora continua da formación que ofrece ao estudiantado. O informe tamén destaca a correcta adaptación do sistema ás características do centro e o traballo e implicación da Comisión de Calidade e do equipo directivo do centro.

A nivel interno, os procedementos de consulta utilizados no curso 2013/14 contan co SGIC do título como principal ferramenta. Os procedementos DE-01 P1 (Planificación e desenvolvemento estratéxico), e DO-0102 (Seguimento e mellora das titulacións) velan para que haxa un adecuado retorno da información e están dispoñibles para consulta na páxina web do centro (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft>).

O alumnado do Centro ten á súa disposición un protocolo de reclamacións tradicional, que consiste no rexistro dunha queixa ou suxestión na Secretaría do Decanato. Ademais, no curso 2013/14 habilitouse unha aplicación informática na páxina web do Centro que permite, despois dunha identificación, rexistrar queixas, suxestións e parabéns (QSP). Este procedemento seguiu habilitado no curso 2014/15, cun enlace directo dende a icona visible na nova páxina web da Facultade (<http://fft.webs.uvigo.es/>), e será o único empregado a partir do curso 2015/16. A información sobre a xestión das QSP está recollida na sección de Calidade/SGIC na páxina web do centro (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/436-mc-xestion-da-calidade-e-mellora-continua>). No curso 2014/15 non se rexistraron reclamacións referentes ao Grao de Linguas Estranxeiras.

As enquisas de satisfacción elaboradas no curso 2014/15 incorporan un novo ítem que permite valorar a xestión do sistema de calidade no Centro. O grao de satisfacción é superior ao 50% tanto no alumnado coma no profesorado: 53,4% e 58,8% respectivamente. Sen máis detalle sobre o que se entende por sistema de calidade, podemos especular que a valoración máis baixa rexistrada no sector de estudantes pode estar relacionada coa falta de participación deste sector en órganos de goberno e co maior descoñecemento do sistema en xeral, como comentamos neste informe a continuación. A divulgación da importancia do SGIC é un dos obxectivos recorrentes nos plans de mellora do Centro.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introducción de modificacións do título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora do título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos plantexados.

- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2014/15, do mesmo xeito que en cursos anteriores, aplicáronse os procedementos de calidade relativos á avaliación e mellora da calidade da ensinanza e do profesorado (DO 0102, DO 0201, PM01) e analizáronse os resultados dos diferentes indicadores de calidade.

Tamén se aplicaron os procedementos referentes á mobilidade (DO 0205) e os referidos á satisfacción dos diferentes colectivos e aos criterios de extinción (MC05, PA03, PA04, DO 0103).

Detectouse unha implantación deficiente dos procedementos de recollida de información sobre a inserción laboral dos estudantes, mais a Universidade está a traballar institucionalmente para facilitar a recollida de datos sobre este punto. (Ver Criterio 7.3)

Os procedementos de calidade do SGIC experimentaron durante o curso 2013/14 un proceso de modificación coordinado e dirixido pola Área de Calidade; xa durante o curso 2013/14 e a posteriori no curso 2014/15 se foron aplicando os procedementos pertinentes seguindo as directrices da Área de Calidade a este respecto no referente á súa vixencia .

Os plans de mellora elaborados polo centro recollen debidamente as recomendacións e accións a desenvolver derivados do proceso de verificación e seguimento. Estes están dispoñibles na páxina web do centro, na sección de Calidade/SGIC: <http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/447-plans-anuais-de-melloras>.

3.3.- O SGC implantado revísase periódicamente para analizar se é axeitado e, de ser o caso, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, na que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante o curso 2013/14 a Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución considerou necesario revisar os obxectivos de calidade, co fin de adecualos á situación actual do centro. O novo Manual de Calidade foi elaborado durante os cursos 2013/14 e 2014/15, de xeito que, baseándose nos criterios e requisitos establecidos para a determinación dos obxectivos de calidade do centro, redefiníronse os obxectivos de calidade existentes, así como as liñas de actuación e os indicadores que permitan desenvolvelos. O novo manual foi publicado en febreiro de 2015 e está dispoñible na sección de Calidade/SGIC da páxina web do centro (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/416-2-manual-do-sgic>).

No curso 2014/15 modificouse o regulamento de Réximo Interno da Comisión de Calidade na Facultade de Filoloxía e Tradución (artigos 3 e 4), con cambios que veñen dados pola aprobación do novo manual de calidade. O novo regulamento foi aprobado pola Comisión de Calidade en maio de 2015.

O órgano responsable do SGIC é a Comisión de Calidade, que cumpre a normativa vixente en canto á estrutura e composición. A renovación dos membros da comisión lévase a cabo periodicamente, dado que as/os integrantes varían cada curso. En 2013/14 incorporáronse á Comisión os Directores dos Departamentos para mellorar a comunicación entre todos os órganos do Centro e recoller información sobre necesidades de persoal. No novo regulamento de réxime interno aprobado no curso 2014/15 introduciuse unha modificación na composición da comisión mediante a que se incorporan máis membros natos co fin de ter unha mellor representación dos sectores implicados en decisións.

IMPLICACIÓN DO ALUMNADO EN ÓRGANOS DE GOBERNO E DECISIÓN

Malia que o Centro vela pola participación na comisión de representantes de todos os grupos de interese, a escasa implicación do estudantado e dos egresados nos órganos de representación fai que actualmente non existan representantes destes grupos de interese na Comisión de Calidade. Este problema foi sinalado pola comisión avaliadora da auditoría externa para a certificación do SGIC como unha non conformidade maior; en consecuencia, planificáronse varias accións de mellora que se recollen no plano de mellora correspondente a este criterio para o curso 2014/15.

Como medida adicional, no novo regulamento do réxime interno da Comisión de Calidade aprobado en maio de 2015 establécese que se non houber representación do alumnado na Xunta, a decana (presidenta desta comisión) pode nomear un/ha representante de estudantes para esta comisión. A Vicedecana de Calidade tamén propuxo que o alumnado sexa representante en calquera órgano, que non teña por que ser exclusivamente da Xunta de Facultade, como por exemplo, nos Consellos de Departamento, e así podería haber representación de cada un dos graos.

Durante o curso 2014/15 a Vicedecana de Calidade e as coordinadoras das titulacións do centro continuaron a observar unha falta de interese e/ou implicación do estudantado no SGIC, e un escaso coñecemento do SGIC entre o alumnado e o profesorado. Seguiuse insistindo na necesidade de coñecer e valorar o SGIC mediante canles como o Plan de Acción Titorial (PAT) e as Xuntas de Facultade. Con todo, durante o curso 2014/15 non conseguimos estudantes voluntarios/as para participaren en órganos de goberno e decisión. Os obxectivos para o curso 2015/16 continúan a ser os mesmos: (i) sensibilizar o estudantado sobre a necesidade de participar nos órganos de goberno e decisión do Centro a través de charlas informativas e orientación nas reunións celebradas co profesorado titor do PAT; (ii) nomear representantes de cada curso coa finalidade de conseguir que o estudantado se afaga a representar e ser representado e motivalo a participar activamente nos órganos de decisión.

No Grao de Linguas Estranxeiras xa tivemos os primeiros logros das campañas informativas realizadas durante 2014/15. Tras varias charlas nos diferentes cursos da titulación, a coordinadora acadou cinco representantes de curso para o ano académico 2015/16: un/ha representante para os cursos 1º, 2º, 3º e dúas representantes para o curso 4º, atendendo á distribución entre as áreas de lingua e literatura. Tres destes representantes comprometéronse a presentar a súa candidatura ás eleccións para formar parte do Consello de Departamento FIFA (Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá) e ás eleccións para formar parte da Xunta de Centro. As eleccións terán lugar a principios do 2016.

PARTICIPACIÓN EN ENQUISAS

No Grao de Linguas Estranxeiras observouse un aumento positivo da participación do alumnado nas enquisas de satisfacción: de 28,28% no curso 2013/14 a 32,94% no curso 2014/15, o cal é dobremente positivo se consideramos a baixada do curso 2013/14 en relación ao curso anterior 2012/13 (30,06%). De feito, o curso 2014/15 rexistra a porcentaxe máis alta no cadro histórico dende 2010/11 (2011/12: 28,95; 2010/11: 16,05), e é notablemente superior á participación nos outros graos do centro (Tradución e Interpretación: 12,76%; Estudos Galego-Español: 18,18%). A porcentaxe da enquisa de avaliación docente tamén incrementou de 54,49% no curso 2013/14 a 58,07% en 2014/15. A enquisa do Plan de Acción Titorial (PAT) de 4º curso presenta igualmente unha boa participación de 24 participantes (de 58).

Por outra banda, a participación do profesorado nas enquisas de satisfacción descendeu en relación ao curso anterior: de 56,10% en 2013/14 a 48,72% en 2014/15. Os datos non son de todo negativos se se considera o cadro histórico dende o curso 2010/11: a participación no curso obxecto de seguimento 2014/15 rexistra a segunda porcentaxe máis elevada, notablemente superior aos cursos 2012/13 (36,36%) e 2011/12 (31,25%). Como sucede coas enquisas de satisfacción de estudantes, a participación do profesorado no Grao de Linguas Estranxeiras é máis elevada cá participación no Grao de Tradución e Interpretación (35,40%) e no Grao de Estudos Galego-Español (39,53%).

Cómpre perseverar nos esforzos para acadar unha maior participación nos diversos tipos de enquisas realizadas a alumnado e profesorado, o cal permitiría (entre outras aspectos) ter unha mellor representatividade dos resultados documentados.

CRITERIO 3:

<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • (3.1) Falta de criterios homoxéneos na avaliación da materia <i>Traballo de Fin de Grao</i> (TFG) a nivel de centro. • (3.1) Marxe moi limitada para o alumnado entre a fin do segundo cuadrimestre e a entrega do TFG. • (3.1) Marxe moi limitada de tempo real para o profesorado entre a entrega do TFG e as datas de avaliación. • (3.2) Implantación deficiente dos procedementos de recollida de información sobre a inserción laboral dos estudantes. • (3.3) Escasa implicación do alumnado nos órganos de goberno e de decisión do Centro. • (3.3) A participación do alumnado e do profesorado nas enquisas é susceptible de mellora. 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • (3.1) Concretar criterios homoxéneos de avaliación da materia <i>Traballo de Fin de Grao</i>. • (3.1) Solicitalle á Vicerreitoría un cambio no calendario oficial da materia TFG que permita máis tempo real para a entrega do traballo por parte do alumnado. • (3.1) Solicitalle á Vicerreitoría un cambio no calendario oficial da materia TFG que permita máis tempo real para a avaliación dos traballos por parte do profesorado. • (3.3) Sensibilizar ao alumnado da importancia de contar con representación nos órganos de goberno e decisión. • (3.3) Aplicar o novo regulamento interno da Comisión de Calidade que permite nomear un/ha representante de estudantes para esta comisión. • (3.3) Seguir insistindo na importancia das enquisas para mellorar a calidade da ensinanza e aprendizaxe no Centro.
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración:</p> <p>E2: Informes de verificación, modificacións e informes de seguimento dos títulos, incluídos os plans de mellora</p> <p>E5: Documentación do SGC (evidencias da implantación dos diferentes procedementos recollidos no subcriterio 3.1.)</p> <p>E13: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)</p> <p>E14: Plans e seguimento das accións de mellora</p> <p>E15: Enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese (formatos de enquisas)</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I8: Resultados dos indicadores do SGC</p>	

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta co profesorado suficiente e a súa cualificación é a axeitada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que debe acadar o estudiantado.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado a primeiro curso de títulos de Grao, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Mestrado.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o estudiantado.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- De ser o caso, a Universidade ten cumprido os compromisos incluídos na memoria de verificación do título, relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Consideramos que o grao de cumprimento deste criterio é suficiente en termos xerais.

CADRO PERSOAL PDI

A páxina web do centro foi actualizada no curso 2014/15 (ver Criterio 2.1) e ofrece información completa e detallada do persoal académico do centro, con fichas individualizadas que inclúen datos de contacto, docencia impartida, temas de interese na investigación e cargos de xestión de cada membro de persoal académico (<http://fft.webs.uvigo.es/>, sección "Información Académica").

Paralelamente, no curso 2014/15 preparouse unha nova páxina web do departamento FIFA, departamento ao que pertencen a maioría das/dos docentes do Grao de Linguas Estranxeiras (<http://fifa.uvigo.es>). Nesta páxina están dispoñibles ligazóns individuais para o PDI das tres áreas de coñecemento (inglés, francés, alemán). Tamén se inclúe un blog sobre actividades académicas organizadas polos docentes e investigadores do departamento.

Segundo os datos da Área de Calidade, no curso 2014/15 impartiron docencia no Grao de Linguas Estranxeiras un total de 41 docentes PDI, pertencentes a 8 áreas de coñecemento, na súa maioría da área de Filoloxía Inglesa (21/41). A distribución por categoría da praza da/do docente é a seguinte:

1 Catedrática de Universidade, 18 Titulares de Universidade, 2 Titulares de Escola Universitaria, 8 Contratadas/os Doutoradas/es, 1 profesora PDI a tempo completo (transformada A3TC), 1 investigadora contratada no programa *Ramón Y Cajal*, 3 bolsistas/os (1 FPU, 1 predoutoral da Xunta, e 1 que comezou cunha bolsa predoutoral da Xunta e a mediados do curso acadou unha FPU), 3 lectores/as, 3 Contratadas/os Interinos (1 P5 e 2 P6), 1 profesora invitada.

Debemos mencionar que no departamento FIFA contamos con persoal que acadou a acreditación certificada por ANECA (Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación) mais que non puido promocionar de categoría por mor das restriccións económicas da Universidade: tres docentes acadaron a acreditación de Catedrático Universitario (1 no curso 2011/12, 2 no curso 2013/14), e catro docentes acadaron a acreditación de Titular Universitario (unha no curso 2009/10, unha no curso 2014/15, dúas no curso 2015/16); seis docentes pertencen á área de Filoloxía Inglesa, unha docente á área de Filoloxía Alemá.

No que atinxe á avaliación docente e investigadora, consideramos que a experiencia do persoal académico no Grao de Linguas Estranxeiras é ben elevada:

- O número de docentes con quinquenios é de 28, un 68,29% do PDI que imparte docencia no grao, superando en conxunto os 100 quinquenios (104). Observamos un lixeiro aumento no número de docentes con quinquenios en relación ao curso 2013/14 (66,67%), en particular no número de docentes con 1, 4 e 5 quinquenios.
- O número de docentes con sexenios rexistra igualmente un lixeiro aumento de 52,38% do PDI no curso

2013/14 a 53,65% do PID no curso 2014/15 (22 docentes). O incremento deriva en particular do número de docentes con tres sexenios: de 4 a 6 docentes.

- Canto ao programa DOCENTIA de avaliación docente, na súa primeira convocatoria 2009/10 na Facultade de Filoloxía e Tradución presentáronse 7 solicitudes, todas elas avaliadas positivamente. No Grao de Linguas Estranxeiras houbo unha solicitude, avaliada como “moi favorable”. Non houbo máis convocatorias por parte da Universidade dende 2009/10.
- No Grao de Linguas Estranxeiras contamos cunha docente/investigadora Ramón y Cajal da convocatoria 2011, convocatoria competitiva do Ministerio de Economía e Competitividade. É un dato destacable por ser a primeira e única praza deste programa que hai no ámbito das Humanidades no Campus de Vigo. O contrato ten unha duración de cinco anos (curso académico 2011/12 a 2016/17); a docente/investigadora é da área de Filoloxía Inglesa.
- Outro indicador da boa categoría investigadora na área de Filoloxía Inglesa do departamento é a contratación dun investigador Postdoutoral do Programa I2C dentro do “Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015”, por un período de tres anos (curso académico 2012/13 a 2015/16).

O procedemento PA05 está deseñado para a captación, selección e formación do profesorado. Con todo, nas actuais circunstancias, non hai practicamente contratacións e si houbo despedimentos de profesorado asociado. No curso 2014/15 non houbo ningunha contratación de profesorado asociado, como sucedera no curso anterior 2013/14. O persoal contratado a tempo parcial para o curso 2014/15 derivou principalmente de baixas por enfermidade (1 contratación na área de francés e 2 contratacións na área de inglés).

O profesorado do Grao de Linguas Estranxeiras continúa a involucrarse activamente nos programas de mobilidade con 6 docentes participantes durante o curso 2014/15, aumentando levemente a porcentaxe de 14,28% en 2013/14 a 14,63% en 2014/15.

O profesorado do noso grao tamén aumentou positivamente a súa participación en programas de formación de PDI ofertados pola Universidade: de 6 participacións no curso 2013/14 (14,3%) a 9 participacións en 2014/15 (22%).

A nivel de xestión, a finais do primeiro cuadrimestre do curso 2014/15 a coordinadora da titulación presentou a súa renuncia voluntaria tras cinco anos e medio dedicados con esforzo e tesón ao labor de coordinación e implantación do grao dende o curso académico 2009/10. Dende febreiro de 2015 o cargo de coordinación está a ser desempeñado por unha profesora tamén da área de Filoloxía Inglesa do departamento FIFA. Paralelo a este cambio, o departamento FIFA conta cun novo equipo directivo dende finais de xaneiro de 2015 (directora e secretaria de departamento).

RECURSOS HUMANOS

As previsións realizadas na memoria de verificación son correctas. Non obstante, a intensificación docente derivada da aplicación do “Real Decreto-ley 14/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo”, tamén coñecido como “Decreto Wert”, continúa xerando unha sobrecarga de traballo importante en parte do profesorado, que debe impartir un gran número de materias, cunha metodoloxía moi esixente en tempo e dedicación. É de prever que esta situación repercuta negativamente na dedicación deste profesorado ás materias das que é responsable. Por dar un exemplo, no POD do cadro persoal do departamento FIFA para o curso 2013/14, na área de Filoloxía Inglesa do Campus de Vigo, o número de docentes que imparten tres ou máis materias aumentou en 1 de ano en ano: no curso 2013/14 houbo 5 docentes con tres materias e 2 docentes con catro ou máis materias; no curso 2014/15 houbo 5 e 3, respectivamente, e no curso 2015/16 houbo 6 e 3, respectivamente. (Estos datos soamente contabilizan a docencia no grao; se se tivese en conta a docencia de mestrado particionaría inda máis a carga docente das/os PDI.)

Como se mencionou no Criterio 1.2, outro cambio que afecta negativamente á calidade da docencia é a redistribución na Planificación Docente Anual (PDA) realizada durante os últimos cursos debido ás restricións económicas impostas pola Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado. Dun total de 4,056 horas dispoñibles no curso 2014/15 baixamos dramaticamente a 3,924 no curso 2015/16, un dato que é incluso inferior á PDA do curso 2013/14, que contaba con 3,978 horas. As modificacións incorporadas durante o curso 2014/15 para o curso 2015/16 afectan fundamentalmente á asignación de grupos nas clases prácticas, o que conleva unha masificación pouco adecuada para o proceso de aprendizaxe. Na elaboración do PDA para 2015/16 a (anterior) coordinadora e o equipo decanal tomaron a decisión de aplicar a redución ás materias de “formación básica” impartidas de 1º curso, por seren impartidas en lingua materna. Xa que logo, hai materias que viron reducida a

docencia de 78 a 72 horas, de 52 a 48 horas, e dramaticamente de 104 a 72 horas, ou e de 130 a 72 horas. Isto afecta fundamentalmente ao número de grupos prácticos por materia (as horas teóricas non varían) de xeito que o número de grupos vese reducido e, en consecuencia, o tamaño dos grupos aumenta, superando en ocasións os 20 estudantes que se tiñan planificado na memoria. No curso 2015/16 a situación verase especialmente afectada nas materias de “formación básica” de 1º curso da titulación; por exemplo, a materia *Lingua: Comunicación escrita e oral en lingua española* será reducida de 3 a 2 grupos prácticos, e a materia *Lingüística: Describir a linguaxe* máis a materia *Literatura: Pensar a literatura* serán reducidas de 4 a 2 grupos prácticos. Este cambio na PDA deriva nun agravio comparativo significativo, pois o profesorado que imparte esta docencia pertence a áreas de coñecemento nas que abundan as folguras de horas docentes, mentres que o profesorado das áreas de coñecemento propias do Grao de Linguas Estranxeiras non goza de folguras e sufriu unha gran intensificación docente tras a aplicación do “Decreto Wert”.

Igualmente, a complexidade da nova organización docente implica con frecuencia unha fragmentación das materias entre varias/os docentes, o que complica extraordinariamente a coordinación entre o profesorado e afecta o desenvolvemento satisfactorio da docencia. Por este motivo, non podemos cualificar como satisfactorio o grao de cumprimento deste ítem. O alumnado ten expresado as súas queixas reiteradamente polo feito de teren varias docentes nunha mesma materia; se ben a súa valoración global sobre a coordinación entre o profesorado aumentou do curso 2013/14 ao curso 2014/15, o cal demonstra os esforzos realizados polo persoal implicado nesta situación. As enquisas de avaliación apuntan a un incremento de 78,8% (3,94/5) a 80,2% (4,01/5); e a enquisa propia da titulación rexistra unha subida significativa de 49,1% participantes a 68,4% participantes que avalían este ítem cunha puntuación de 5 (“de acordo”) ou superior (“bastante de acordo”, “totalmente de acordo”).

A coordinadora da titulación e a directora de departamento FIFA tiveron este punto feble en conta para a elaboración do Plan de Ordenación Docente (POD) do curso 2015/16, realizado durante o segundo cuatrimestre do curso 2014/15. Porén, non foi posible reducir as materias compartidas máis que no caso de materias de lingua inglesa, e nunha materia soamente (de 7 en 2014/15 a 6 en 2015/16). Nas materias da área de alemán incrementouse o número de materias compartidas por mor do regreso dunha profesora ao noso grao, despois da súa excedencia laboral.

Outro aspecto que xera bastante descontento, como se menciona noutras seccións deste informe, é a falta de recoñecemento das tarefas docentes de supervisión e avaliación na materia Traballo de Fin de Grao, por parte da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado. Por unha banda, a supervisión soamente se recoñece a curso cumprido, e por traballo defendido, non só supervisado (é dicir, se a/o estudante non defende o traballo, o labor da/do titor/a non é recoñeceda en absoluto). Ademais, consideramos que o recoñecemento é insuficiente. A Facultade (non a Vicerreitoría) outorgou 2 horas de recoñecemento a proposta do equipo directivo, o cal é a todas luces insuficiente dado o número de traballos que avalía cada tribunal (unha media de 15-16 traballos nas dúas convocatorias, no Grao de Linguas Estranxeiras). No curso 2014/15, igual que en 2013/14, houbo algún PDI que se negou a participar na avaliación argumentando que a súa capacidade docente estaba cuberta. Por outra banda, a materia TFG carece de docencia presencial. O alumnado vén reclamando reiteradamente o seu dereito a recibir formación metodolóxica presencial nunha materia que paga a mesma matrícula que calquera outra, e que ten maior importancia administrativa. No curso 2014/15 a coordinadora da materia impartiu voluntariamente 4 horas de docencia presencial, malia que non é recoñecido nin valorado no POD. Esta práctica non debe continuar se non hai cambio na normativa por parte da Vicerreitoría.

Como se menciona no Criterio 1.2 deste informe, o Grao de Linguas Estranxeiras presenta unha marcada deficiencia na oferta do idioma portugués en relación á planificación presentada na memoria. Os idiomas de impartición das ensinanzas da titulación son: galego e castelán en materias de formación básica de 1º curso; inglés como primeiro idioma estranxeiro; e francés, alemán e portugués como segundo/terceiro idioma estranxeiro. Na memoria planificouse que o idioma portugués fose impartido como 2º idioma estranxeiro, mais dende a implantación do grao unicamente podemos ofrecelo como 3º idioma estranxeiro en 3º e 4º curso. Isto deriva das restricións orzamentarias da Universidade, que non fornece os recursos humanos necesarios para impartir portugués como 2º idioma. Esta é unha demanda do alumnado que se recolle cada ano e que queda patente no incremento de matriculación na materia *3º idioma estranxeiro: Portugués* e na demanda de liñas de traballo sobre estudos lusófonos na materia *Traballo de Fin de Grao*. Consideramos que a oferta de lingua portuguesa é un dos grandes atractivos da nosa titulación en comparación con outras titulacións da comunidade galega e que debería recibir máis horas de docencia (e investigación) no noso programa de estudos. Durante o curso 2015/16 o equipo directivo do Grao de Linguas Estranxeiras colaborará co profesorado da área de estudos lusófonos para solicitar oficialmente os recursos humanos necesarios e así tentar impartir este idioma como 2º idioma xunto a francés e alemán.

ENQUISAS

As modificacións no deseño da enquisa elaborada no curso 2014/15 non permiten analizar o grao de satisfacción do profesorado cos/coas estudantes (anterior Indicador 81 “Satisfacción cos estudantes”).

Nas enquisas de avaliación docente, a valoración global do profesorado incrementa positivamente de 75,4% (3,77/5) en 2013/14 a 77,8% (3,89/5) no curso 2014/15; mantense tamén a tendencia positiva superior á media da Universidade: 74,8% (3,74/5). A valoración global do cadro de docentes é igualmente boa nos datos da enquisa propia da titulación, pois supera o 63% (63,15%). Con todo, presenta unha lixeira baixada en comparación ao curso anterior 2013/14 (64,91%). Isto pode explicarse polo descontento puntual con determinados docentes da área de Filoloxía Francesa, tal e como se recolle na pregunta de resposta libre incluída na enquisa.

A enquisa de avaliación docente tamén recolle valoracións positivas nos seguintes ítems sobre o profesorado:

- O/A profesor/a favorece a participación e motivación do alumnado no desenvolvemento das actividades da materia: 77% (3,85/5), cun incremento notable en comparación ao curso anterior 2013/14 (74,4%; 3,72/5), e notablemente superior á media da Universidade (72,4%; 3,62/5).
- O/A profesor/a resolve con claridade as dúbidas que se lle formulan (en clase, titorías, plataformas de docencia virtual, etc.): 79% (3,95/5), novamente superior á media do curso anterior 2013/14 (77,2%; 3,86/5), e á media da Universidade (75%; 3,75/5).
- O/A profesor/a facilitou a miña aprendizaxe (mellora dos meus coñecementos, competencias, habilidades, descritos na guía docente): 76,2% (3,81/5), rexistrando novamente un aumento destacado en relación á media do curso 2013/14 (74%; 3,70/5), e significativamente máis elevado có valor medio da Universidade (72,6%; 3,63/5).

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos/as de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a axeitada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exigido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- De ser o caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título, relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar o seu labor de apoio no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No referente ao persoal administrativo PAS, seguimos constatando que a nova estrutura, na que as titulacións dependen todas do Centro, baleira de contido a secretaría administrativa do Departamento que reúne a docencia maioritaria no grao (Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá) ao tempo que satura a Secretaría do Centro. Esta situación comentouse no informe de seguimento do curso 2013/14 e continuou visible no curso 2014/15. É destacable a observación rexistrada no informe de verificación do seguimento 2014/15 por parte da Vicerreitoría de Calidade a este respecto: “Excesiva dependencia del equipo de gobierno del Centro, para todas las actividades relacionadas con el Título, y la Gestión de su Sistema de Calidad”. Por este motivo, consideramos que o grao de satisfacción con este criterio é suficiente pero susceptible de mellora.

A finais de xuño de 2014 (curso 2013/14) producíronse dous cambios no equipo decanal do Centro que afectaron ao Vicedecanato de Organización Académica e ao Vicedecanato de Calidade. Os cambios comunicáronse en tempo e forma aos membros da Xunta de Facultade e seguiron a desempeñarse sen incidencias no curso 2014/15. Durante parte do curso 2014/15 a Decana desempeñou o seu cargo como “Decana en funcións”, ante a ausencia de candidaturas no proceso electoral “Eleccións Decano/a na FFT”. Igualmente, a ausencia de candidaturas derivou no nomeamento dun novo decano en funcións no último trimestre do 2015 (setembro-décembro). O 24 de novembro de 2015 terán lugar as eleccións para conformar o novo equipo decanal da Facultade, para o que xa hai unha candidatura.

Non se pode valorar a participación en plans de formación de persoal de apoio porque a información dispoñible non ofrece detalles por titulación, soamente por ámbito académico. Non obstante, pódese proporcionar información

sobre a porcentaxe de persoal de apoio que recibiu formación na FFT, que en 2014 foi un 67,23%. Non hai datos dispoñibles sobre o ano 2015.

Non se pode valorar o grao de satisfacción do alumnado ou do profesorado sobre o persoal de apoio pois a enquisa elaborada no curso 2014/15 non inclúe ningún ítem referente a este criterio.

CRITERIO 4:

Puntos febles detectados:

- (4.1) Escasa contratación P5 e P6 por falta de orzamento.
- (4.1) Intensificación docente derivada da aplicación do “Decreto Wert”.
- (4.1) Redución de horas asignadas ao Grao de Linguas Estranxeiras na PDA do curso 2015/16.
- (4.1) O número de materias compartidas entre dúas ou máis docentes (en materias que non teñan lector/a) é superior ao desexable.
- (4.1) O idioma portugués soamente está ofertado como terceiro idioma, e non como segundo idioma, segundo figuraba na memoria de grao. Isto débese á falta de contratación de persoal especializado en lingua portuguesa por parte da Vicerreitoría.
- (4.2) Excesiva dependencia do equipo de goberno do Centro para todas as actividades relacionadas co Título, e a Xestión do seu Sistema de Calidade.

Accións de mellora a implantar:

- (4.1) Transmitirle ao equipo reitoral a preocupación pola calidade docente, que se resinte cun profesorado sobrecargado de créditos, horas e materias, resultado da aplicación do “Decreto Wert”.
- (4.1) Elaboración do POD co fin de reducir o número de materias compartidas entre dúas ou máis docentes, en materias que non teñan lector/a de lingua instrumental.
- (4.1) Solicitarlle ao equipo reitoral contratación para impartir materias de lingua portuguesa como segundo idioma, consonte o que se planificou na memoria de grao.

Evidencias nas que se baseou valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificacións e seguimento do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Plan de ordenación docente do título

E16: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículum breve

E17: Plans de formación do profesorado

E18: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

E19: Plans de formación do persoal de apoio

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese (cuestións relacionadas coa satisfacción do persoal académico e a satisfacción do alumnado coa docencia recibida)

I7: Distribución do alumnado por grupos

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Porcentaxe de participación en plans de formación de persoal académico e persoal de apoio

I11: Número total e porcentaxe de docentes que participan en programas de mobilidade

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición do estudantado e o profesorado son suficientes e axeitados ás características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que debe acadar o estudantado.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as axeitadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudos, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición do estudantado, son os axeitados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir polos mesmos, e coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos/as, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento das mesmas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título, relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición do estudantado son axeitados para o dirixir e orientar nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudantado (documentación, informes de calificacións, actas, certificacións académicas, tramitación de solicitudes de convalidacións ou de traslado,..) postos ao seu dispor son axeitados para o dirixir e o orientar nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante orientanlle no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte do estudantado, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, de ser o caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso no que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son axeitadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

INSTALACIÓNS E RECURSOS

A Facultade de Filoloxía e Tradución posúe as instalacións convenientes para un bo desenvolvemento da docencia. Todos os anos o Decanato destina parte do orzamento do Centro a mellorar as instalacións, tanto coa adquisición de novos recursos coma co mantemento dos existentes. Existen procedementos no SGIC que regulan a adquisición e distribución dos recursos materiais (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/425-procedementos-de-apoio>).

Os recursos deben ser sempre mellorados, independentemente da valoración que fagan deles as persoas usuarias. Para o curso 2014/15 elaboráronse accións de melora co fin de (a) continuar a revisar as instalacións informáticas das aulas; e (b) mellorar a información pública sobre os recursos materiais no espazo web do centro.

En xaneiro de 2015 (curso 2014/15) presentouse no decanato unha solicitude de petición dun espazo para acondicionar un laboratorio de fonética-fonoloxía que estaría dispoñible para investigación e docencia especializada en cuestións relacionadas con estas materias. Trátase dunha petición conxunta entre o Grao de Linguas Estranxeiras (área Filoloxía Inglesa) e o Grao de Estudos Galego-Español (área de Lingua Española), coa debida aprobación nos consellos de departamentos participantes na solicitude. No momento de redactar este informe está a espera dunha decisión por parte do equipo decanal. Durante o curso 2015/16 a coordinación da titulación do GLE apoiará novamente a solicitude e transmitirá ao equipo de goberno do Centro a importancia deste laboratorio en materias concretas da nosa titulación.

Durante o curso 2014/15, a directora do departamento FIFA, ao que pertence a maioría dos docentes do Grao de Linguas Estranxeiras, e a coordinadora da titulación elaboraron unha proposta de mellora na ubicación do persoal académico no pavillón B da Facultade de Filoloxía e Tradución, en particular nos despachos B38, B39, B48 e B49. O obxectivo é reubicar o PDI para evitar un número elevado de docentes compartindo un mesmo despacho, e así poder mellorar a calidade no espazo de traballo. A redistribución tomou como criterio principal a categoría da praza do PDI e a duración do contrato: o despacho B49 é para investigadoras/es con bolsa FPI/FPU de longa duración; o despacho B38 é para investigadoras/es contratadas/os a cargo de proxectos de curta ou mediana duración, ou para bolseiras FPI de non haber dispoñibilidade no despacho B49; o despacho B39 é para lectoras/es e profesorado visitante; o despacho B48 é para PDI que comparte docencia con outros campus e para profesorado visitante de non haber espazo no B39. A proposta foi aprobada no consello de departamento FIFA celebrado o 15/07/2015.

Os fondos da biblioteca da Facultade de Filoloxía e Tradución considéranse axeitados para as esixencias que leva consigo un grao coma este. Pódense consultar nesta ligazón:

<http://sp.bugalicia.org/vig/gl/subjects/databases.php?tipo=todos>. Ademais, a biblioteca da FFT conta cun blog (<http://blogdabiblio.es/>) e con varios taboleiros no Pinterest de Bibliotecas da Universidade (<http://www.pinterest.com/CenUVIGO/boards/>). A páxina web do centro que foi renovada durante o curso 2014/15 mostra unha icona co enlace directo ao catálogo da biblioteca (<http://fft.webs.uvigo.es/>).

Co fin de formar ao alumnado e de promover o uso dos recursos dispoñibles na biblioteca do Centro, o Plan de Acción Titorial (PAT) elaborado para o curso 2015/16 considera unha sesión especial como parte das “Accións de Carácter Formativo” (punto 5.1.4), que será impartida polo Servizo da Biblioteca da FFT. Isto é ademais da charla informativa ofrecida todos os anos durante o programa de benvinda para o alumnado de novo ingreso.

O Servizo de Biblioteca da Universidade ofrece un curso especial na plataforma FAITIC para a elaboración do traballo de fin de grao (“Busca e xestión da información para o TFG”, TELED0C646). Como sucedera no curso anterior 2013/14, a coordinadora da materia informou debidamente ao alumnado matriculado no curso 2014/15. A participación foi gratificamente positiva: un 77,78% dos estudantes optaron por participar voluntariamente (35 de 45 estudantes matriculadas/os). A tendencia tamén foi moi positiva no curso anterior 2013/14, con 23 de 27 estudantes.

O profesorado fai bo uso dos servizos de televisión da Universidade en determinadas actividades que permiten a súa posterior consulta en liña. Por exemplo, o profesor da materia de 1º curso *Literatura: Pensar a Literatura* grava as súas sesións teóricas e posteriormente envía a ligazón ao alumnado. Tamén se fai uso das instalacións de videoconferencia no Centro; por exemplo, a profesora da materia de 3º curso *Historia do primeiro idioma estranxeiro: inglés* organizou unha sesión por video-conferencia sobre etimoloxía co editor principal do *Oxford English Dictionary*.

No que atinxe ás plataformas de teledocencia e recursos didácticos, en xeral continuaremos facendo un esforzo para que o profesorado os utilice máis e aproveite as vantaxes que poden ter na impartición da docencia.

Segundo os datos rexistrados nas enquisas do alumnado, o grao de satisfacción cos recursos de apoio ó ensino presentan un notable ascenso en comparación aos curso anteriores: 70% (3,50/5), en relación a 63,57% en 2013/14; 62,71% en 2012/13; 61,28% en 2011/12. Este aumento coincide cos datos recollidos na avaliación docente: de 74,4% (3,72/5) en 2013/14 a 78,2% (3,91/5) en 2014/15. Pola contra, observamos un maior descontento coas condicións dos espazos: 76,8% (3,84/5) en 2014/15 e 78,8% (3,94/5) en 2013/14; con todo, a media da titulación é superior á media da Universidade (75%; 3,75/5).

ORIENTACIÓN E ATENCIÓN AO ESTUDANTADO

No curso 2014/15 continuamos facendo uso frecuente do espazo virtual de Coordinación do Grao creado na plataforma de teledocencia FAITIC. Isto permítenos divulgar os obxectivos de calidade do centro, información sobre os resultados das enquisas, novidades de regulamentos, avisos de importancia para a titulación, etc. De xeito máis xeral, permite un maior contacto entre o alumnado do Grao e a Facultade. Este espazo virtual é administrado pola coordinadora da titulación e a Vicedecana de Calidade.

O Centro dispón de paneis informativos en pantalla de plasma no pavillón central para informar ao alumnado de eventos ou para avisar de prazos de matrícula, bolsas, cambios de horarios, etc. Ademais, está a páxina web do centro cun servizo completo de información sobre o funcionamento das titulacións e os servizos ofertados. (Ver Criterio 2.1)

O departamento FIFA preparou unha nova páxina web durante o curso 2014/15, publicada a comezos do curso 2015/16 (<http://fifa.uvigo.es>). O alumnado ten dispoñible información sobre o profesorado (por área de coñecemento), sobre o equipo directivo, os grupos de investigación, os estudos de Grao, Mestrado e Doutoramento, etc. A páxina tamén incorpora un blog.

Outra canle de comunicación para a orientación ao alumnado é a lista de correo da Facultade: fft@listas.uvigo.es. Ademais, o departamento FIFA xestiona para o Grao de Linguas Estranxeiras a lista de correo "filing" (filing@listas.uvigo.es) con anuncios e avisos importantes que atinxen á docencia e investigación específicas da nosa titulación; por exemplo, avisos de conferencias, de emprego, bolsas, etc. O alumnado recibe o formulario de suscripción a esta lista de correo durante as xornadas de benvida para estudantes de novo ingreso, na sesión de presentación coa coordinadora da titulación.

Na nova páxina web do centro (<http://fft.webs.uvigo.es/>) ofrécese unha pestana específica para asuntos de "Relacións Exteriores", na que pode dispoñerse da seguinte información sobre os programas de mobilidade no centro: a normativa interna de mobilidade estudantil, a normativa interna para alumnado, os criterios para validacións, as funcións do Vicedecanato responsable desta área, e as bolsas do programa intensivo. A información restante está dispoñible na web da Oficina de Relacións Internacionais (ORI) (http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/ori/) e proporciónaselles ao estudantado a través de reunións de Plan de Acción Titorial (PAT) e de reunións informativas específicas co persoal da ORI e o Vicedecanato de Relacións Exteriores do Centro. Non se pode valorar a opinión do alumnado deste ítem de mobilidade porque o novo deseño da enquisa de satisfacción do curso 2014/15 non inclúe o indicador 73 "Satisfacción cos programas de mobilidade".

Entre os diferentes servizos ofrecidos na titulación e no Centro de orientación académica e de atención ao estudantado destaca o Plan de Acción Titorial (PAT). A descrición do programa, o manual para o curso vixente, e a lista de titoras/es e estudantes participantes está dispoñible na páxina web do centro, nunha sección específica na pestana "Información Académica" (<http://fft.webs.uvigo.es/presentacion>). Como se indica na súa descrición, o PAT "pretende contribuír ó desenvolvemento integral do estudantado universitario e recolle un conxunto de actuacións destinadas a favorecer a integración do alumnado na vida universitaria e atender a súas necesidades formativas e informativas". A valoración xeral que se fai dende a Comisión de Calidade é moi positiva, na medida en que permite detectar e solucionar problemas no desenvolvemento da docencia.

No curso 2014/15 actualizouse o Manual do Plan de Acción Titorial para o curso 2015/16, que foi aprobado na Comisión de Calidade en xullo de 2015. Os obxectivos das modificacións inclúen, entre outros ítems: instaurar reunións individuais combinadas coas grupais; facer fincapé na función orientadora das/os titoras/es; proporcionar normas de estilo para cubrir os informes e incluír no informe as accións de orientación levadas a cabo; organizar accións de formación para o estudantado coincidindo coa semana de traballo autónomo; elaborar un cronograma con datas parellas nos distintos graos do centro; incorporar un programa de mentorización para estudantes de primeiro curso de Linguas Estranxeiras.

Un dos obxectivos no plan de mellora para o curso 2014/15 era incrementar a participación no PAT. No Grao de Linguas Estranxeiras acadamos o obxectivo cun aumento na asistencia ás tres reunións organizadas (setembro, decembro, marzo); destaca en particular o ascenso de 49 a 80 participantes na reunión de decembro. Esta tendencia é dobremente positiva, pois o curso 2013/14 rexistrara unha leve baixada de participación do estudantado en relación ao curso anterior 2012/13. (Cómpre recordar que o PAT é voluntario.) Non obstante, observamos que o alumnado tende a perder interese a medida que avanza o curso académico, un dato historicamente consistente. A enquisa de avaliación do PAT non contempla explicacións sobre esta falta de interese; se ben podemos augurar que se debe, por exemplo, ao feito de que en marzo o alumnado xa ten información suficiente sobre o curso académico ou a que aínda non tiveron moitas probas de avaliación nese cuadrimestre. Este é un tema no que se debe traballar para a súa mellora durante o curso 2015/16. A este respecto, o novo manual xa inclúe un cambio no cronograma de reunións e unha planificación de actividades extra con fins orientativos e de formación.

Unha das novidades máis salientables organizadas durante o curso 2014/15 para o curso 2015/16 é a incorporación do programa de mentorización MEET-FFT no primeiro curso do Grao de Linguas Estranxeiras. Este programa estaba implantado na Universidade de Vigo unicamente nun centro: a Escola de Telecomunicacións. No primeiro trimestre de 2015, a Vicerreitora de Estudantes contactou coa directora do departamento FIFA para propoñer o GLE como titulación na que incorporar o exitoso programa de titorización. Tras chegar a un acordo entre o equipo decanal da FFT, a Vicerreitoría e o equipo da Escola de Telecomunicacións, o Centro FFT (baixo a supervisión da Vicedecana de Calidade) acordou a súa implantación no curso 2015/16. O novo manual do PAT para 2015/16 explica con detalle o

desenvolvemento do programa MEET-FFT, incluíndo un cronograma de actividades e o listado de estudantes participantes como titoras/es (“mentors”) e de estudantes titorizadas/os (“mentees”). As/Os participantes no MEET-FFT tamén contan con información no espazo de coordinación do PAT na plataforma FAITIC.

En resumo, no programa MEET as/os *mentors* que ofrecen orientación son estudantes de 3º e 4º curso do Grao, con experiencia para poder compartir as súas vivencias no proceso de ensinanza e aprendizaxe que o alumnado de 1º curso está a comezar. Confíase que o ter *peer-mentors*, mentores do mesmo sector estudantado, fomentará a participación no programa PAT e nas actividades do Centro en xeral. As/Os estudantes participantes como *mentors* pasan un proceso de selección competitivo (houbo máis demanda que oferta) e teñen a obriga de asistir a un curso intensivo de formación de quince días en dúas quendas (maio e setembro). No curso 2015/16 hai 12 estudantes *mentors* e un total de 56 estudantes titorizados *mentees*. A coordinadora da titulación e a directora do departamento colaboraron na divulgación do programa e na captación de estudantes.

O alumnado do Centro ten á súa disposición un protocolo de reclamacións tradicional, que consiste no rexistro dunha queixa ou suxestión no decanato. Ademais, no curso 2013/14 habilitouse unha aplicación informática na páxina web da Facultade que permite, despois dunha identificación, rexistrar queixas, suxestións e parabéns (QSP). Este procedemento estivo igualmente habilitado no curso 2014/15, cun enlace directo dende a icona visible na nova páxina web do centro (<http://fft.webs.uvigo.es/>). A información sobre a xestión das QSP está recollida na sección de Calidade/SGIC na páxina web do centro (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/436-mc-xestion-da-calidade-e-mellora-continua>). No curso 2014/15 non se rexistraron reclamacións no Decanato referentes ao Grao de Linguas Estranxeiras. A partir do curso 2015/16, as xestións das queixas, suxestións e parabéns farase a través da aplicación QSP.

Malia os esforzos dende o equipo directivo do centro e da titulación aquí documentados, as enquisas de satisfacción do alumnado indican unha lixeira baixada na valoración da orientación ofertada a este sector: 52,2% (2,61/5) en comparación con 55,14% (3,86/7) no curso 2013/14; con todo, inda nos mantemos por riba do 50% de satisfacción. Segundo os datos extraídos da enquisa propia do Grao de Linguas Estranxeiras, observamos que o descontento aumenta en dous ítems en particular: o Plan de Acción Titorial (2013/14: 57,89%; 2014/15: 68,96%) e a falta de explicación detallada das guías docentes e do funcionamento da materia (2013/14: 63,15%; 2014/15: 67,24%). No tocante ao PAT, xa se puxeron en marcha procedementos para intentar mellorar a situación (ver comentarios nesta sección sobre o novo manual). No tocante ás guías docentes, a coordinadora da titulación insistirá neste punto en futuras xuntanzas co profesorado docente do grao.

Pola contra, a enquisa específica da nosa titulación rexistra un aumento no grao de satisfacción nos ítems relacionados coa atención en titorías (2013/14: 63,15%; 2014/15: 73,68%) e coa eficacia á hora de resolver problemas xurdidos durante o desenvolvemento do ensino (2013/14: 67,24%; 2014/15: 68,42%).

XORNADAS DE BENVIDA DO CURSO ACADÉMICO

Tal e como se recoñece no informe de verificación do seguimento para o curso 2013/14, o conxunto de actividades de promoción da titulación e de acollida de alumnado é “amplio e coherente”. Consideramos que esta avaliación pode aplicarse tamén ao curso 2014/15.

No que atinxe ás xornadas de benvida a comezos de curso, os actos organizados para o ano académico 2014/15 estaban dirixidos ao alumnado de 1º curso, e tiveron lugar os días 3 e 4 de setembro de 2014. No primeiro día, a decana do centro inaugurou o curso e presentou o equipo decanal. A continuación, o secretario da Facultade presentou a páxina web da Facultade ao alumnado. Seguidamente as/os coordinadoras/es dos graos presentaron cadanseu grao en reunións individuais para cada titulación. Despois desta presentación, a Vicedecana de Calidade do Centro explicou o Plan de Acción Titorial (PAT), coa asignación de titoras/es aos diferentes grupos de alumnado, e seguidamente o alumnado reuniuse coas respectivas titoras/es do PAT nos lugares indicados. A primeira xornada rematou cunha sesión especial para o alumnado de Tradución e Interpretación sobre os horarios desta titulación, debido á súa complexidade na combinación de linguas. No segundo día de actos de benvida tivo lugar a presentación da Unidade de Igualdade, da Oficina de Relacións Internacionais, do Centro de Linguas (realizada tamén en 2014), e das actividades culturais da Universidade. O Servizo de Biblioteca ofreceu unha visita guía polas instalacións da Facultade e da biblioteca e unha presentación do acceso web á biblioteca. Para concluír, o Servizo de Deportes da Universidade, da man do director de área do servizo, ofreceu unha visita ás instalacións do campus de Vigo.

As dúas persoas de 1º curso que contestaron sobre a satisfacción co programa de benvida no curso 2014/15 valoraron as actividades cun 6 “Bastante de acordo” e un 7 “Totalmente de acordo”.

Atendendo ás recomendacións do informe de seguimento do curso 2013/14, durante o proceso de preparación dos actos de benvida para o curso 2015/16 a Vicedecana de Calidade e as coordinadoras das titulacións do centro elaboraron un programa con actos para o alumnado de novo ingreso e tamén para o alumnado de continuidade (Comisión de Calidade 08/06/2015; xuntanza 07/07/2015). As xornadas tiveron lugar os días 3 e 4 de setembro de 2015. O primeiro día estivo dirixido ao alumnado de 1º curso seguindo a práctica do ano anterior: sesión inicial de inauguración do curso coa decana (en funcións nese momento), presentación do equipo decanal vixente nese momento, e presentación da páxina web e das infraestruturas do Centro por parte do Secretario da Facultade. O Secretario fixo especial fincapé na importancia da representación do alumnado nos equipos de goberno e decisión do Centro, informando con detalle das posibles comisións nas que poden ter representación. Seguidamente, a Vicedecana de Calidade presentou o Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade, explicando a incorporación do programa MEET-FFT para o 1º curso do Grao de Linguas Estranxeiras. A continuación, as coordinadoras dos graos presentaron cadansúa titulación en sesións individuais para cada grao. O primeiro día rematou cunha conferencia dunha profesora invitada. O segundo día, o alumnado de 1º curso do Grao de Tradución e Interpretación tivo unha sesión específica sobre a organización dos horarios nesta titulación. O resto dos actos estaban dirixidos ao alumnado de novo ingreso e de continuidade. Os actos incluíron a presentación do Servizo de Biblioteca da Facultade, do programa de Actividades Culturais da Universidade, do Centro de Linguas, e do Servizo de Deportes. Inda non temos indicadores para valorar o grao de satisfacción deste novo programa de benvida.

PLANO DE PROMOCIÓN E CAPTACIÓN DA FFT

Durante o curso 2013/14 continuouse a desenvolver o “Plano de promoción e captación de estudantes da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo”, aprobado pola Comisión de Calidade do Centro en xuño de 2012. O plano está dirixido ao alumnado de novo ingreso tanto de graos como tamén de mestrados. No informe de verificación do seguimento para o curso 2013/14 quedou constancia do seu progreso satisfactorio e consideramos que foi igualmente satisfactorio durante o curso 2104/15.

Os obxectivos principais do plano de promoción e captación da FFT no que atinxe aos graos son os seguintes:

- 1. Proporcionarlle información e orientación ao alumnado de novo ingreso sobre as titulacións que se imparten no centro. Para este e outros fins a Facultade publica información na páxina web do centro e tamén distribúe folletos informativos.
- 2. Mostrarlle ao futuro estudiantado as actividades e instalacións do centro e presentarles os contidos das titulacións que se imparten nel. Leváronse a cabo visitas guiadas ao centro para estudantes de secundaria organizadas en colaboración co SIOPE da Universidade (http://estudiantes.uvigo.es/estudiantes_gl/siope/futuros-alumnos/). A coordinadora do Grao de Linguas Estranxeiras acompañou á decana na charla informativa que tivo lugar o día 10/03/2015 para institutos da zona de Mos (Vigo).
- 3. Proporcionarlles información actualizada, fiable e de primeira man ás orientadoras/es de secundaria sobre as titulacións que se imparten no centro, de forma que coñezan os perfís que mellor se axeitan a elas. As accións propostas para este obxectivo son a organización de charlas informativas para orientadoras/es de secundaria e o envío de información escrita ás orientadoras/es de secundaria e ciclos formativos, en forma de trípticos e carteis. No curso 2014/15, a coordinadora do Grao de Linguas Estranxeiras realizou unha visita ao I.E.S.P. de Chapela (Redondela) e informou á Xefa de Estudos sobre o servizo de visitas á Universidade mediante o SIOPE e a Facultade de Filoloxía e Tradución.

Unha novidade incorporada no plano de captación durante o curso 2014/15 foi a organización dunha Xornada de Portas Abertas, en colaboración co SIOPE da Universidade. O equipo decanal do centro e as coordinadoras das titulacións elaboraron o programa, que consistiu nunha charla informativa sobre o funcionamento e as instalacións do centro, seguido dunha xincana. A xincana permitiu ás/aos estudantes percorrer as instalacións da Facultade dun xeito divertido (biblioteca, aulas magnas, laboratorios de tradución, etc.). A xornada tivo lugar o día 13/04/2015. No día as coordinadoras contaron coa axuda voluntaria de estudantes da titulación; do Grao de Linguas Estranxeiras participaron catro alumnas de 4º curso, recrutadas pola coordinadora.

CRITERIO 5:**Puntos febles detectados:**

- (5.1) Necesidade dun laboratorio de fonética-fonoloxía.
- (5.1) Descenso na participación do alumnado no Plan de Acción Titorial nas reunións do segundo cuatrimestre.

Accións de mellora a implantar:

- (5.1) Apoiar a solicitude xa presentada no Decanato con petición dun espazo a acondicionar como laboratorio de fonética-fonoloxía.
- (5.1) Fomentar a continuidade de interese no Plan de Acción Titorial durante todo o curso académico.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E1: Memoria vixente del título

E2: Informes de verificación, modificacións e seguimento do título, incluíndo os plane de mellora

E5: Documentación do SGC sobre os servizos de atención ao estudante: documentación sobre o servizo de orientación académica e profesional (Plan de acción titorial); documentación que amose a aplicación dos programas de acollida e de apoio; documentación que evidencie a aplicación da normativa de accesibilidade universal e deseño para todos; documentación que evidencie a aplicación das normativas de seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento das mesmas polos axentes implicados

E20: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentales relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios vixentes coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese (cuestión relacionadas coa satisfacción de todos os grupos cos recursos materiais e instalacións)

I7: Distribución do alumnado por grupos

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

6.1.- O estudiantado ao finalizar o proceso formativo adquire as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación y cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados da aprendizaxe previstos.
- Os resultados da aprendizaxe acadados satisfan os obxectivos do programa formativo y adecúanse alao nivel MECES.
- Os resultados da aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información sobre as competencias que deben ser adquiridas na titulación do Grao de Linguas Estranxeiras está detallada na memoria do grao e nas guías docentes de cada materia. O alumnado ten acceso directo a estes datos na páxina web da Universidade, con enlaces dende a páxina web do centro:

http://uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/uvigo_gl/DOCUMENTOS/estudios/memorias/UVIGrado_en_Lenguas_extranjeras.pdf

https://seix.uvigo.es/docnet-nuevo/guia_docent/?centre=301&ensenyament=V01G180V01

Igualmente, a información sobre os resultados académicos anuais das titulacións do centro está dispoñible na páxina web da Facultade, na sección de Calidade/SGIC (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/444-4-resultados-academicos>).

O procedemento PC12 do SGIC está deseñado para a análise e medición de resultados académicos e pode atoparse na sección de Calidade/SGIC da páxina web do centro (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/424-pc12analise-e-medicion-de-resultados-academicos>).

Durante o curso pasado, 2013/14, e unha vez rematada a implantación do título, iniciouse un proceso de reflexión sobre a adquisición de competencias e o cumprimento dos obxectivos previstos na memoria, por se fose preciso realizar algunha modificación neste apartado da memoria. A coordinadora da titulación e a Comisión de Calidade non consideraron necesaria a modificación nin dos obxectivos nin das competencias xerais por entenderen que estes seguen sendo axeitados para o plano formativo e manteñen o carácter de formación xeral. Xa que logo, as competencias seguen cumprindo o establecido no RD 1393/2007.

GUÍAS DOCENTES

Na Facultade de Filoloxía e Tradución existe un protocolo de revisión das guías docentes das materias impartidas nas titulacións. En primeiro lugar, a coordinadora de grao revisa cada unha das guías docentes da titulación e elabora un informe sobre incidencias ou modificacións menores en relación aos parámetros documentados na memoria. En segundo lugar, a Vicedecana de Calidade revisa os informes das coordinadoras e as guías e elabora o seu propio informe. Seguidamente, as guías son aprobadas pola Comisión de Calidade e pola Xunta de Centro.

A coordinadora do Grao de Linguas Estranxeiras comproba que todas as competencias xerais e específicas do título son tratadas nas materias do programa formativo. Todas as competencias específicas do grao, así como as transversais, están traballadas como mínimo nunha materia e sempre de acordo coas estipulacións da memoria de verificación do título.

O proceso de revisión das guías docentes seguindo este protocolo axudou a detectar algúns (poucos) erros na asignación de competencias a certas materias. Estes erros foron corrixidos debidamente nas guías docentes das materias afectadas e están documentados nun listado elaborado pola (anterior) coordinadora da titulación. Paralelamente, a Vicedecana detectou na revisión das guías docentes para o curso 2015/16 algunhas materias con competencias duplicadas entre as competencias básicas e as competencias xerais. Tomouse a decisión de que as guías reflectisen unicamente unha das categorías, predominantemente a de competencias básicas.

O informe da coordinadora da titulación sobre o proceso de revisión de guías docentes tamén documenta pequenas modificacións en materias específicas; por exemplo, se a/o docente selecciona algunha competencia ou resultado de aprendizaxe a maiores do que figura na memoria por considerar que é relevante para a súa materia; ou se a/o docente exclúe algunha competencia por considerar que non se axusta ás necesidades da materia.

No curso 2014/15 a Vicerreitoría incorporou cambios no deseño das guías docentes para o curso 2015/16 e na aplicación informática onde se introducen os datos, atendendo ás recomendacións recollidas nos informes de seguimento sobre a importancia de aportar evidencias da avaliación e adquisición de competencias (alén da adquisición e avaliación de coñecementos). Estableceuse unha nova sistemática de xeito que a guía docente da materia inclúe os seguintes epígrafes: 1. Competencias, 2. Resultados de Aprendizaxe, 3. Contidos, 4. Planificación Docente, 5. Metodoloxía, 6. Atención Personalizada, 7. Avaliación, 8. Bibliografía, 9. Recomendacións.

Os cambios máis destacables en relación aos cursos anteriores son:

- (1) Cambios na terminoloxía das competencias (xerais/específicas/básicas/transversais).
- (2) Os resultados de aprendizaxe deben relacionarse explicitamente coas competencias da materia que constan na memoria da titulación.
- (7) Debe indicarse o tipo de proba de avaliación, a porcentaxe que representa da nota final, e as competencias que son avaliadas en cada proba.
- (7) Debe garantirse que todas as materias seguen o sistema de avaliación continua, ao tempo que ofrecen alternativas para o alumnado que non pode asistir ás aulas con regularidade por motivos xustificadas.
- (7) Deben explicarse en detalle as diferenzas entre os tipos de avaliación (continua/única), as diferenzas entre a primeira e a segunda convocatoria de avaliación, e as condicións para re-examinarse da materia no caso de ser suspendida.
- (7) Para a elaboración das guías do curso 2015/16, a Vicedecana de Calidade propuxo unha serie de recomendacións, que a coordinadora da titulación transmitiu ás/aos docentes e que comprobou durante o proceso de revisión: debe indicarse a data aproximada das probas de avaliación; as materias de lingua instrumental deben indicar o nivel de competencias adquirido; deixa de recomendarse a obrigatoriedade de asistir ao 80% das clases para poder acollerse ao sistema de avaliación continua; é recomendable incorporar un aviso sobre as implicacións de cometer plaxio; é recomendable promover o uso dos recursos do Servizo de Biblioteca e de teledocencia.

A coordinadora do Grao de Linguas Estranxeiras está satisfeita co resultado do proceso de elaboración das guías docentes no que atinxe ao contido das guías e ao cumprimento do protocolo para a súa elaboración. Porén, quere deixar constancia da dificultade de proceso coa aplicación informática DocNet e o descontento que xerou entre o profesorado a devandita aplicación. Fundamentalmente, os cambios na terminoloxía das competencias e o volcado das información da memoria resultaron pouco transparentes e crearon moita confusión. Outro aspecto que resultou problemático foi que a boa intención de crear un cronograma con datas de proba de avaliación non foi ben recibida polo profesorado, pois ofrece pouca flexibilidade para desenvolver actividades adaptándose ao progreso do alumnado. O malestar xeral a nivel do Centro quedou documentado na acta da Comisión de Calidade celebrada en xuño de 2015.

RESULTADOS ACADÉMICOS POR MATERIA

A continuación expoñemos a análise dos resultados académicos por materia (un total de 54 materias nos catro cursos da titulación), atendendo á taxa de rendemento. A análise aquí presentada está baseada nos resultados do estudantado matriculado no curso 2014/15 en comparación ao curso 2013/14 e ao curso 2012/13, por seren os anos académicos nos que se imparten os catro cursos da titulación. (Nota: para 2013/14 non dispoñemos de datos dunha materia de 1º curso; xa que logo as valoracións deben terse en conta sobre un total de 53 materias. Para 2012/13 e 2014/15 o total é de 54 materias.)

Consideramos que toda persoa que non se presente ás probas de avaliación dunha materia ou que suspenda non acadou ou adquiriu as competencias e obxectivos propostos para superar a materia.

As tendencias observadas para os cursos 2014/15, 2013/14 e 2012/13 son:

- Nº de materias con taxa de rendemento 100%: 9, 7, 12
- Nº de materias con taxa de rendemento 90%-99%: 9, 11, 4
- Nº de materias con taxa de rendemento 80%-89%: 15, 15, 21
- Nº de materias con taxa de rendemento 70%-79%: 12, 14, 8
- Nº de materias con taxa de rendemento 60%-69%: 8, 3, 6
- Nº de materias con taxa de rendemento 50%-69%: 1, 2, 3

- Nº de materias con taxa de rendemento inferior a 50%: 0, 1, 0
- A materia con menor taxa de rendemento varía de curso en curso. En 2014/15 foi *Segundo idioma estranxeiro V: Francés*, de 3º curso, con 59,26%.

A análise comparativa histórica permite varias observacións:

- En xeral, a taxa de rendemento no curso 2014/15 é bastante positiva, acadando un valor moi preto do 80% (79,77%). Isto supón un aumento en comparación ao curso anterior (76,57%), dato que é dobremente positivo se temos en conta a baixada da taxa nese curso en relación a 2012/13 (78,60%). No cadro histórico, a media do curso máis recente 2014/15 rexistra o dato máis alto dende a implantación do grao.
- Se comparamos 2014/15 ao curso inmediatamente anterior 2013/14, observamos que o número de materias nas que a taxa de rendemento aumenta é de 21, similar ao número de materias nas que a taxa diminúe, 20 en total. Ademais, 12 materias permanecen estables nas súas porcentaxes. As tendencias son similares se comparamos 2014/15 ao curso 2012/13: a taxa de rendemento aumenta en 21 materias, descende en 19, e permanece estable en 14.
- A taxa de rendemento máis frecuente nos tres cursos académicos pertence ao rango 80%-89%, con 15 materias en 2014/15, 15 materias igualmente en 2013/14, e 21 materias no curso 2012/13. Obsérvase un cambio de tendencia entre 2014/15 e 2013/14: a maioría destas materias pertencen a 2º curso en 2014/15 pero a 3º curso en 2013/14.
- O número de materias cunha porcentaxe superior ao 60% mellora lixeiramente cos anos: 51/54 (2012/13), 50/53 (2013/14) e 53/54 (2014/15).
- O número de materias cun 100% de rendemento diminuíu dende o punto de vista histórico dos tres anos (12, 9, 7), mais é destacable a recuperación do curso 2013/14 ao curso 2014/15. En ambos casos a maioría das materias (todas menos unha) pertencen a 4º curso. As materias de 4º son optativas (salvo dúas) e debido ao desglose entre o itinerario de literatura e o itinerario de lingüística o número de estudantes acostuma a ser notablemente inferior en relación aos cursos 1º, 2º e 3º. Xa que logo, hai unha clara correspondencia entre o tamaño dos grupos e os resultados de aprendizaxe.
- A taxa de rendemento 70%-79% mostra un pequeno descenso de 14 a 12 materias nos últimos dous cursos; non obstante, é superior ao curso 2012/13 (8 materias).
- A escala 60%-69% rexistra un incremento notable de 3 a 8 materias de 2013/14 a 2014/15, superando tamén o número de materias nestas porcentaxes no curso 2012/13 (6).
- Na parte baixa da escala de rendemento, é destacable que en 2014/15 non se rexistre ningunha materia cun dato inferior a 58% de taxa de rendemento. Pola contra, no curso 2013/14 rexistráronse 3 materias, e unha delas cunha porcentaxe inferior a 50%, e no curso 2012/13 tamén se rexistraran 3 materias cunha taxa entre 50%-59%. Outra observación positiva é que todas estas materias mostran unha melloría en cursos posteriores. Por exemplo, *Pronunciación do primeiro idioma estranxeiro: Inglés* (2º curso), que tiña a media máis baixa no curso 2013/14, aumentou positivamente por riba do 60% no curso 2014/15. A materia *Historia do primeiro idioma estranxeiro: Inglés* (3º curso), que tiña unha taxa de 57,58% no curso 2012/13, presenta unha mellora significativa no curso 2013/14 acadando unha media de rendemento do 84,31%.
- A materia que presenta a taxa de rendemento máis baixa en 2014/15, *Segundo idioma estranxeiro V: Francés*, pertence a 3º curso e rexistra un descenso dramático comparado ao curso anterior (2013/14: 91,30%). Unha razón posible deste descenso é o cambio de docente na materia. Tamén observamos que o estudantado de 3º curso é o sector que mostra un grao de satisfacción coa titulación máis baixo na enquisa de avaliación docente de 2014/15.

MATERIA TRABALLO DE FIN DE GRAO

A descrición da materia *Traballo de Fin de Grao* (TFG) indica que “o alumnado debe demostrar ter adquirido as habilidades conducentes á elaboración, presentación e defensa dun traballo de investigación sobre os contidos do grao, a través da aplicación dunha metodoloxía científica axeitada”. Xa que logo, é unha materia (obrigatoria) crucial en toda titulación.

A evolución histórica mostra un aumento na matrícula dende o primeiro cohorte en 4º curso: 11 estudantes en 2012/13; 27 estudantes en 2013/14; 45 estudantes en 2014/15; e, mantendo a estabilidade, 41 estudantes en 2015/16. En total, 124 matrículas. O incremento nos tres primeiros anos pode estar relacionado co aumento na matrícula de novo ingreso (ver Criterio 1.1); o pequeno descenso no curso 2015/16 débese fundamentalmente ao cambio no regulamento da materia, ao coste de segunda matrícula e ás incidencias administrativas como, por exemplo, o número de créditos permitidos na matriculación.

A análise histórica dende o curso 2012/13 revela os seguintes datos:

- O número total de estudantes matriculadas/os e polo tanto de traballos supervisados é de 124.
- O número de áreas de coñecemento que demanda supervisión aumentou gradualmente: de 3 áreas no curso 2012/13 a 4 áreas no curso 2013/14 e no curso 2014/15, e a 5 áreas no curso vixente 2015/16. A oferta sempre foi saudable, incluíndo, alén dos tres idiomas impartidos como primeiro e segundo idioma (inglés, francés, alemán), liñas de traballo en Lingüística Xeral (asignación en todos os anos académicos), Lingua Galega (asignación en 2013/14), Lingua Española, e Estudos Lusófonos (oferta e asignación por primeira vez no curso 2015/16).
- A área con máis oferta e máis demanda é a área de inglés; unha tendencia natural, pois é o idioma impartido como primeiro idioma estranxeiro. Os idiomas alemán e francés rexistran unha demanda parella entre eles de 6 e 5 traballos matriculados en cómputo global.
- O número total de titoras/es que supervisaron traballos incrementou nos tres primeiros anos paralelamente ao incremento na matrícula (9 en 2012/13; 18 en 2013/14; 21 en 2013/14). No curso 2015/16 observamos un lixeiro descenso a 19 titoras/es. Isto pode estar relacionado coa modificación na oferta de liña de traballo incorporada neste curso académico: todas/os as/os docentes deben ofertar un mínimo dunha liña de traballo e un mínimo de tres prazas; podemos augurar que hai certas/os docentes máis populares que outras/os; ao dispoñer de máis oferta hai máis demanda.

O listado de traballos defendidos e aprobados dende o curso 2012/13 está dispoñible no espazo de teledocencia da materia da nosa titulación. Como orientación para o alumnado de nova matrícula, proporciónase o título do traballo, o nome da/do estudante, o nome da/do titor/a, e o curso no que se defendeu. O alumnado pode consultar os traballos aprobados se así o desexa.

No que atinxe aos resultados de aprendizaxe na materia TFG observamos as seguintes tendencias entre o curso obxecto de análise 2014/15 e o curso anterior 2013/14:

- A taxa de rendemento amosa unha lixeira baixa de 74,07% a 71,11%. Este dato é converso ao aumento de estudantes matriculadas/os. Por unha banda, podemos relacionar este descenso co efecto de matrículas acumuladas: 2014/15 é o terceiro ano no que se imparte esta materia e polo tanto hai estudantes do cohorte 2013/14 e do cohorte 2014/15. Por outra banda, cómpre lembrar a situación excepcional do curso académico 2014/15 en comparación aos cursos anteriores por mor da modificación no regulamento da Universidade: a acta desta materia non é oficial ata que a/o estudante ten superados todos os outros créditos da titulación. Nesta situación atopáronse 4 estudantes que tiveron que matricularse na convocatoria de Fin de Carreira pertencente ao curso 2015/16. Isto obviamente repercute na taxa de rendemento rexistrada e a correspondencia cos cursos anteriores non é de todo comparativa.
- A porcentaxe de alumnado que defendeu o traballo mantense ao redor do 85% (38/45; 84,44%), cunha baixada lixeira en relación ao curso 2013/14 (24/27; 88,89%). O argumento exposto no ítem anterior explica igualmente este pequeno descenso no número de traballos rexistrados nas actas.
- Entre o alumnado que defendeu o traballo, os resultados xerais mostran un descenso do número de suspensos (2013/14: 4,17%; 2014/15: 2,63%), o cal é moi positivo.
- Tamén observamos un número máis elevado de Sobresalientes (2013/14: 25,00%; 2014/15: 28,95%) e de Aprobados (2013/14: 29,17%; 2014/15: 34,21%).
- Por outra banda, hai un descenso na nota Notable (2013/14: 33,33%; 2014/15: 26,32%).
- O número de Matrículas de Honra permanece relativamente estable (2013/14: 8,33%; 2014/15: 7,89%). Non obstante, cómpre lembrar a este respecto que o número de MH outorgadas está limitado ao número de matriculación na materia. No curso 2014/15 outorgáronse as tres que había dispoñibles, todas na primeira convocatoria, mais había tres nominacións adicionais para MH por parte das comisións avaliadoras.
- Na primeira convocatoria do curso 2014/15 non houbo ningún Suspenso. A nota máis común foi Sobresaliente (7 de 21 traballos) e outorgáronse as tres Matrículas de Honra dispoñibles. Estes datos demostran o éxito das/dos estudantes que se presentaron en maio/xuño. As notas Notable e Aprobado foron semellantes (5 e 6 respectivamente, de 21).
- Na segunda convocatoria en xullo houbo 1 Suspenso. Aínda que a nota máis común foi Aprobado (6/12), cabe salientar que tamén houbo 4 Sobresalientes e 1 Notable.
- Entre o alumnado que non se presentou ou non puido presentarse nas dúas convocatorias do curso 2014/15, houbo 5 estudantes que optaron por defender o traballo na convocatoria de Fin de Carreira (outubro 2015) e as 5 aprobaron: 4 con Notable, 1 con Aprobado.

Na convocatoria de matrícula para a materia do curso 2015/16 (setembro 2015), o equipo decanal insistiu na necesidade de que cada docente do Grao de Linguas Estranxeiras ofertase un mínimo dunha liña de traballo e un mínimo de 3 prazas por docente. Isto foi necesario para poder manter un bo equilibrio entre a demanda de matrícula

e a oferta de liñas de traballo. Os datos recollidos demostran a importancia desta modificación: 31 estudantes de nova asignación, 21 acadaron a primeira opción da/do estudante, e 6 a segunda opción. É de prever que o grao de satisfacción nesta materia aumente tanto no sector alumnado (ao poderen realizar un traballo nun tema da súa elección) coma no sector profesorado (ao dirixiren estudantes interesadas/os nos seus temas de investigación).

No que atinxe á adquisición de competencias, o Centro planificou a elaboración duns criterios homoxéneos de avaliación da materia en todos os graos da Facultade. Esta acción de mellora está planificada. No Grao de Linguas Estranxeiras xa se tomaran certas medidas a este respecto nunha xuntanza celebrada no curso 2013/14 para o curso 2014/15; por exemplo, as/os titoras/es deben limitar a súa intervención en cuestións de corrección lingüística: deben orientar pero non corrixir.

A nivel interno, no Grao de Linguas Estranxeiras reflexionamos durante o curso 2014/15 sobre posibles modificacións para incorporar no curso 2015/16. Nunha xuntanza celebrada en outubro de 2015 aprobáronse os seguintes ítems relacionados coa adquisición e/ou avaliación de competencias:

- Calendario interno no GLE. Adiantamos a data de entrega das actas para así poder dispoñer de máis días lectivos para que o profesorado avalíe os traballos entregados. Isto mellorará previsiblemente a calidade da avaliación. Non foi posible, pola contra, modificar as datas de entrega do traballo, o que permitiría ao alumnado ter máis tempo real para finalizar a investigación.
- Participación da/do titor/a do traballo na avaliación con voz, como establece o regulamento do Centro, e tamén con voto, como permite o regulamento da Universidade. A/O titor/a formará parte da comisión de avaliación das súas titorandas/os e fará unha proposta de nota cun valor de 30% da nota final.
- Lingua de redacción e defensa do traballo. A guía docente dende o curso 2013/14 especifica que a lingua de redacción escrita e de defensa oral debe ser a lingua sobre a que versa o traballo – así, liñas de lingua alemá en alemán, liñas de lingua francesa en francés. Isto presentou unha problemática acusada no curso 2014/15: por mor da escasa oferta de liñas de traballo na convocatoria deste curso, houbo estudantes ás/aos que se lles asignaron liñas de alemán ou francés e que non tiñan suficiente bagaxe para redactar o traballo nestes idiomas, que son segundos ou terceiros idiomas de aprendizaxe. Na xuntanza acordouse realizar un cambio na guía docente para o curso 2016/17 de xeito que o requisito sexa que o traballo sexa redactado e defendido nunha lingua estranxeira, sen restrición sobre a lingua sobre a que versa o traballo, permitindo así que se escriba e defenda en lingua inglesa inda que verse sobre lingua alemá/francesa. Tamén acordamos a posibilidade de ofertar cosupervisión entre profesorado de diferentes áreas, por exemplo alemán e inglés.

Como se mencionou noutras seccións deste informe, a materia TFG precisa de reflexión en moitos aspectos, pois continúa xerando moito descontento entre o profesorado e o alumnado, derivados da súa xestión no marco da normativa vixente na Universidade.

O malestar principal radica no feito de que a materia carece de docencia presencial. O alumnado vén reclamando reiteradamente o seu dereito a recibir formación metodolóxica presencial nunha materia que paga a mesma matrícula que calquera outra, e que ten maior importancia administrativa: coa normativa vixente dende xullo de 2015, o alumnado non pode realizar a defensa oral ata ter todos os demais créditos da titulación superados. As queixas do alumnado foron recollidas nas xuntanzas coa coordinadora e co profesorado titor do Plan de Acción Titorial (PAT). No curso 2014/15 a coordinadora da materia impartiu voluntariamente 4 horas de docencia presencial malia que non é recoñecido nin valorado no POD. Esta práctica non debe continuar se non hai cambio na normativa por parte da Vicerreitoría. Consideramos que a adquisición de competencias vese seriamente comprometida pola negativa da Vicerreitoría de dotar esta materia de docencia metodolóxica presencial. Xa que logo, é urxente modificar o tratamento desta materia para fornecela dos recursos necesarios para que o alumnado adquira as competencias a ela asociadas.

O profesorado tamén manifesta o seu malestar porque esta materia non se recoñeza debidamente no Plan de Ordenación Docente da titulación (POD) e considera insuficiente que a dirección dos traballos se recoñeza a posteriori no POD do curso seguinte; e coa nova normativa de xullo 2015, unicamente a traballo defendido e aprobado (é dicir, non se recoñece a supervisión de traballos que queden pendentes dun curso para outro). No curso 2014/15, coma no curso anterior, houbo algún PDI que se negou a participar na avaliación argumentando que a súa capacidade docente estaba cuberta. Isto obviamente engade dificultade á elaboración da composición de comisións de avaliación.

Co fin de explicar e aclarar as modificacións que se levan a cabo a miúdo no desenvolvemento da materia, a nivel de reitoría, de centro e de titulación, a coordinadora da materia mantivo varias xuntanzas informativas co alumnado e co profesorado e preparou documentos informativos para os dous sectores. O obxectivo é contribuír a unha mellora no entendemento do resultados de aprendizaxe que se deben adquirir nesta materia e do proceso de avaliación (ver

tamén Criterio 3.1). Con todo, as eivas derivadas da carencia de docencia presencial e de recoñecemento docente son dificilmente subsanables sen un cambio da normativa por parte da Vicerreitoría e sen un recoñecemento da necesidade de coordinación horizontal.

ENQUISAS

As enquisas elaboradas durante o curso 2014/15 recollen graos de satisfacción coa titulación moi positivos tanto no sector do profesorado como no alumnado.

A porcentaxe global no sector PDI está preto do 70% con 3,36/5 (67,2%). No sector estudantado a porcentaxe é menor, como vén sendo habitual, mais acada un 55,8% de satisfacción (2,79/5). Desafortunadamente, non temos datos directos comparativos con cursos anteriores, pero o aumento noutros indicadores da enquisa de avaliación docente e da enquisa propia da titulación corroboran a boa tendencia. Por exemplo, o ítem “O/A profesor/a facilitou a miña aprendizaxe (mellora dos meus coñecementos, competencias, habilidades, descritos na guía docente)”: 76,2% (3,81/5), significativamente máis elevado có valor medio da Universidade (72,6%; 3,63/5) e rexistrando un aumento destacado canto á media do curso 2013/14 (74%; 3,70/5).

No tocante á adecuación e ó cumprimento do sistema de avaliación, consideramos que a mellora da valoración por parte do estudantado está relacionada coas modificacións incorporadas no proceso de revisión das guías docentes, nas que se explican con máis detalle as probas de avaliación que terán que realizar e nas que se promove o sistema de avaliación continua. Entre os ítems destacados a este respecto temos:

- “O proceso de avaliación axústase ao recollido nas guías docentes”. Na enquisa propia da titulación rexistra un incremento, cunha porcentaxe notablemente elevada de 77,58% no curso 2013/14 a 89,47% no curso 2014/15. Igualmente, na enquisa de avaliación docente aumenta de 75,4% (3,77/5) en 2013/14 a 80,2% (4,01/5) en 2014/15; este último dato tamén é significativamente superior á media da Universidade (73,8%; 3,69/5).
- “A/O docente aplica un modo axeitado aos criterios de avaliación”. Rexistra un aumento de 72,8% (3,64/5) no curso 2013/14 a 79,8% (3,99/5) no curso 2014/15; igualmente, a media da titulación é máis elevada cá media da Universidade (73%; 3,65/5).

CRITERIO 6:

Puntos febles detectados:

- (6.1) A aplicación informática para elaborar as guías docentes durante o curso 2014/15 para o curso 2015/16 xerou moito descontento entre os docentes do grao (e do centro).
- (6.1) A adquisición de competencias na materia *Traballo de Fin de Grao* é susceptible de mellora.
- (6.1) A materia *Traballo de Fin de Grao* carece de docencia presencial e de recoñecemento suficiente por parte da Vicerreitoría.

Accións de mellora a implantar:

- (6.1) Comunicarlle á Vicerreitoría a necesidade de mellorar a aplicación informática para elaborar as guías docentes. Entre as suxestións recibidas polo profesorado inclúense:
- As opcións de ver/editar entre idiomas son confusas. Sería máis doado ter unicamente a opción de “editar”, xa que cando o profesorado entra na aplicación é para editar a súa guía docente.
 - Na sección de “resultados de aprendizaxe” o profesorado ten que escoller a competencia a avaliar por número (e.g. C3). Sería bo poder visualizar nesa mesma pantalla o que representa esa competencia.
 - Igualmente para o epígrafe “avaliación”.
 - Na sección de bibliografía sería máis doado se puidésemos achegar un documento; editar a lista de bibliografía na aplicación é traballo dobre para o profesorado.
 - A ferramenta de tradución causa moita confusión; podería mostrarse máis transparente.
 - Se o profesorado deliberadamente non edita a guía nun idioma en particular, debería ter a

	<p>opción de ocultalo da versión pública. Moitas veces na versión pública queda a guía visible sen revisión da tradución porque o profesorado non quere pasar traballo de editar e revisar máis que nun idioma.</p> <ul style="list-style-type: none"> • (6.1) Mellorar a comunicación co alumnado da materia <i>Traballo de Fin de Grao</i> para identificar os puntos febles co fin de aumentar a taxa de rendemento nesta materia. • (6.1) Solicitalle á Vicerreitoría que dote un mínimo de créditos de docencia presencial á materia <i>Traballo de Fin de Grao</i> e que recoñeza en POD as tarefas realizadas polas/os docentes nesta materia (supervisión e avaliación).
<p>Evidencias nas que se se baseou a valoración:</p> <p>E1: Memoria vixente do título</p> <p>E2: Informes de verificación, modificacións e seguimento do título, incluíndo os plans de mellora</p> <p>E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)</p> <p>E12: Informes públicos sobre resultados do título (cómo estes téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos)</p> <p>E14: Plans e seguimento das acción de mellora</p> <p>E24: Documentación para a revisión transversal das materias seleccionadas (material docente, exámenes ou outras probas de avaliación realizadas,...)</p> <p>E25: Listaxe de Traballos fin de grao/mestrado (na visita revisaranse os seleccionados)</p> <p>E26: Informes de prácticas</p> <p>E27: Mecanismos utilizados para a análise dos resultados de aprendizaxe</p> <p>E28: Informe das cualificacións das materias</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese (PDI, estudantes, PAS, egresados/as e empregadores)</p>	

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMIENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfan as demandas sociais do seu entorno.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información sobre as taxas e indicadores principais da titulación está dispoñible na páxina web do centro, na sección de Calidade/SGIC (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/444-4-resultados-academicos>).

Consideramos que os indicadores de demanda no Grao de Linguas Estranxeiras seguen a xerar interese entre o estudantado, maioritariamente procedente da comunidade galega.

A evolución histórica da matrícula de novo ingreso superou as expectativas e todos os anos foi superior ás 40 prazas planificadas na memoria, e incluso ás 50 prazas ofertadas despois da implantación do Decreto 222/2011 no curso 2012/13, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Os datos indican un incremento de 45 estudantes no primeiro ano académico da titulación 2009/10 a 56 estudantes no curso vixente 2015/16. Aínda que o aumento de alumnado de novo ingreso non foi gradual de curso en curso, os últimos tres anos académicos si mostran un aumento continuado positivo: 45 (2009/10) – 44 (2010/11) – 41 (2011/12) – 59 (2012/13) – 53 (2013/14) – 54 (2014/15) – 56 (2015/16). Con isto podemos concluír que as estratexias de promoción do grao e captación de alumnado están a ser desenvolvidas correctamente.

No tocante á relación entre oferta e demanda, nos dous cursos dos que dispoñemos de datos (2013/14 e 2014/15) observamos máis demanda que oferta na preinscrición de 1ª opción (85/50; 77/50). Isto sucede na primeira convocatoria de matrícula en ambos os dos cursos académicos.

A nota media de acceso do alumnado de novo ingreso rexistra un aumento significativo dende o curso de implantación do grao en 2009/10 ata o curso vixente 2015/16: dun 5,26 de media a un 8,56 no último cohorte. O curso académico que rexistrou unha media máis alta foi o terceiro ano da súa implantación en 2011/12 cunha media de 9,06. O cadro histórico dá mostra dun incremento gradual nos tres primeiros anos académicos do grao (5,26 – 7,59 – 9,06). No cuarto ano rexistrouse unha baixada a 7,75, coincidindo co curso no que se aumentou por Decreto o número de prazas en todas as titulacións. Con todo, a media é máis alta que nos dous primeiros cohortes, e de seguido aumentou a 8,68 no curso 2013/14.

No momento de redactar este informe, o cadro histórico de matriculación na titulación rexistra 1,028 estudantes dende a implantación da titulación no curso 2009/10 ata o curso 2015/16. Dende o ano académico 2012/13, o primeiro ano no que os catro cursos da titulación estaban sendo impartidos, a matriculación global incrementou de 163 estudantes a 196 en 2013/14, cun continuo aumento a 214 en 2014/15 e, estable, 213 estudantes no curso 2015/16.

O procedemento PC12 do SGIC está deseñado para a análise dos indicadores e taxas de resultados. Os indicadores previstos son eficiencia, rendemento, abandono, e graduación, coma no curso anterior, aos que se incorporou en 2014/15 a taxa de avaliación.

A taxa de graduación da nosa titulación no curso 2014/15 é de 45,45%, o cal representa un aumento moi positivo en relación á taxa rexistrada no curso 2013/14 (37,77%). Este incremento pode estar relacionado coa mellora no sistema de avaliación de competencias xa comentada neste informe, e co alto grao de satisfacción rexistrado nas enquisas do alumnado en 4º curso. Con todo, a situación é susceptible de mellora a debemos reflexionar sobre posibles procedementos estratéxicos.

A taxa de éxito no curso 2014/15 é de 88,35%. Sitúase preto do 90% e aumenta notablemente en relación ao nivel de cursos anteriores, continuando o aumento gradual dende o curso de implantación do grao 2009/10 (75,13%). Consideramos que este dato é moi positivo, xa que demostra que a meirande parte do estudantado adquire as competencias previstas.

A taxa de rendemento considérase positiva igualmente. Rexistra un aumento en comparación ao curso anterior de 76,57% en 2013/14 a 79,77% en 2014/15. Este dato é dobremente positivo se temos en conta a baixada da taxa que rexistraran o curso 2013/14 en relación ao curso 2012/13 (78,60%). No cadro histórico xeral observamos un incremento gradual: 65,78% (2009/10) – 67,93% (2010/11) – 72,56% (2011/12) – 78,60% (2012/13) – 76,57% (2013/14) – 79,77% (2014/15). A media do curso que estamos analizando 2014/15 é o dato máis alto ata o momento. Con todo, cómpre seguir reflexionando sobre as causas de non acadar un rendemento máis elevado, xa que demostra unha dificultade en superar os créditos establecidos para as materias.

Na análise das porcentaxes de taxas de rendemento por materia, observamos, como se comentou no Criterio 6.1, que as materias con mellor rendemento pertencen ao 4º curso da titulación, tanto na escala de rendemento 100% coma na escala 90%-99%. As materias de 4º son optativas (salvo dúas) e debido ao desglose entre o itinerario de literatura e o itinerario de lingüística o número de estudantes acostuma a ser notablemente inferior en relación aos cursos 1º, 2º e 3º. Xa que logo, hai unha clara correspondencia entre o tamaño dos grupos e os resultados de aprendizaxe.

A análise comparativa entre o ano académico 2013/14 e 2014/15 indica que as materias nas que a taxa de rendemento aumenta (21 de 53) pertencen na súa maioría a 2º e 4º curso, se ben o aumento máis dramático (15 ou máis décimas) se aprecia nas materias do último curso. Por outra banda, o descenso na taxa de rendemento (20 de 53 materias) é mais frecuente en materias de 3º e 1º curso (9 e 7, respectivamente). Este dato coincide co feito de que o alumnado de 3º é o sector que mostra un maior descontento coa titulación nas enquisas de avaliación docente. En xeral, as materias de lingua instrumental do idioma alemán rexistran valores inferiores ao curso pasado (4 das 5 materias presentan un descenso). Inda que non tan marcado, as materias do idioma francés tamén presentan un descenso, o que coincide cos comentarios documentados na enquisa propia da titulación; con todo, estes comentarios refírense a un profesor en concreto, non a toda a área de francés. Non hai queixas específicas sobre as materias de lingua alemá, e non podemos augurar as razóns do descenso de rendemento cos datos dispoñibles.

A taxa de eficiencia no curso 2014/15 continúa a superar o 90% (92,35%), como sucedera en cursos anteriores, e mantén unha media estable con respecto ao curso 2013/14 (92,86%). Con todo, non acadada a boa porcentaxe do curso 2012/13 (96,86%), o que indica unha lixeira baixada na matrícula dos créditos necesarios para graduarse. Unha das razóns posibles para este descenso pode ser a non matriculación de materias de 4º curso por medo a non superar os créditos e ter que pagar matrícula de segunda volta, o que implica un gran coste que moitas/os estudantes non se poden permitir na situación de crise económica na que estamos inmersas. Isto sucede comunmente coa materia *Traballo de Fin de Grao* e con materias que presentan un elevado número de suspensos ano tras ano (*Primeiro idioma estranxeiro: Inglés*, nivel I, II, V).

O indicador sobre a taxa de avaliación documentada para o curso 2014/15 mostra igualmente unha alta porcentaxe preto da media de 90% (88,35%), o cal indica que un elevado número de estudantes é avaliado das materias nas que se matricula. Non temos datos históricos para ofrecer unha análise comparativa máis profunda pero a porcentaxe global parece ser consonte as outras porcentaxes das taxas xa comentadas.

A taxa de abandono desta titulación é relativamente alta historicamente. Despois dunha baixada dramática de 17,78% no curso 2009/10 a 11,36% en 2010/11 e a 5,41% en 2011/12, os últimos dous cursos rexistran unha subida da taxa media a 8,33% en 2012/13 e 9,62% no curso 2013/14. Non dispoñemos de datos do último curso 2014/15. Aínda que sen dúbida cómpre reflexionar sobre as causas que derivan no abandono dos estudos, debemos mencionar que non hai datos específicos que nos permitan analizar a situación en detalle: por exemplo, descoñecemos en que curso se producen os abandonos ou se estes lle corresponden a unha promoción en concreto ou non. O alumnado que abandona tampouco xustifica por que; xa que logo, non sabemos se a razón xace no descontento coa titulación, en asuntos familiares ou en asuntos económicos. Os datos ao noso alcance non nos permiten facer unha análise axeitada deste indicador.

7.2.- Os índices de satisfacción do estudantado, do profesorado, das persoas egresadas y de outros grupos de interés son axeitados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.

- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e a revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

Os índices de satisfacción no sector de estudantado e profesorado están recollidos en varias enquisas realizadas durante o curso 2014/15: a enquisa de satisfacción do profesorado, a enquisa de satisfacción do alumnado, a enquisa de avaliación docente por parte do estudantado, e, ademais, no Grao de Linguas Estranxeiras elaboramos unha enquisa propia da titulación distribuída no espazo de teledocencia da coordinación.

Nos Criterios 1 a 6 analizados neste informe xa se comentaron algúns indicadores de satisfacción en relación ao plan de estudos (Criterio 1.2), á coordinación entre profesorado (Criterio 1.3), á información pública (Criterio 2.1), ao sistema de calidade (Criterio 3.3), aos recursos humanos PDI (Criterio 4.1), aos recursos de apoio ao ensino e á orientación/atención para o estudantado (Criterio 5.1), e en relación aos resultados de aprendizaxe e ao proceso de avaliación (Criterio 6.1).

Ademais destes indicadores específicos, as enquisas recollen unha valoración global sobre a titulación durante o curso 2014/15:

- O grao de satisfacción xeral do PDI que participa na titulación é relativamente positivo cunha porcentaxe de 68,8% (3,44/5), inda que presenta unha baixada en relación ao curso anterior 2013/14 (78%; 5,46/7). Como xa se mencionou en repetidas ocasións neste informe, unha razón obvia por este descenso na valoración do sector profesorado é a aplicación do “Decreto Wert” con todas as súas consecuencias negativas na calidade do ensino: excesiva carga de traballo, excesiva burocracia de xestión, pouco recoñecemento nas tarefas realizadas, etc.
- O grao de satisfacción xeral do estudantado ronda o 60% (57,6%; 2,88/5). Presenta un lixeiro descenso, se ben non tan marcado coma no sector PDI, dende o 62,57% (4,38/7) rexistrado no curso 2013/14. Non obstante, os datos extraídos da enquisa de satisfacción non son corroborados polos datos extraídos da enquisa propia da titulación e da enquisa de avaliación docente: estas dúas enquisas presentan un grao de satisfacción positivo máis alto e un incremento dende o curso 2013/14 en ambas.
- A enquisa propia do Grao de Linguas Estranxeiras recolle unha satisfacción global coa elección do grao de 63,15%, unha porcentaxe superior ás enquisas de satisfacción do curso 2013/14 (62,57%).
- A enquisa docente recolle dous ítems fundamentais nos que se rexistra un incremento da satisfacción. Por unha banda, a valoración global da/do docente aumenta dun 75,4% (3,77/5) en 2013/14 a un 77,8% (3,89/5) en 2014/15, dato superior á media da Universidade (74,8%; 3,74/5). Por outra banda, a valoración global da titulación incrementa de 75,4% (3,77/5) en 2013/14 a 78% (3,90/5) en 2014/15, unha porcentaxe marcadamente superior á media da Universidade (74,6%; 3,73/5). En ambos os dous ítems os datos mostran unha mellora destacable no 1º e no 4º curso con subidas de ata 20 décimas (por exemplo, a valoración das/os docentes en 4º curso de 3,78/5 a 3,97/5, e a valoración global do 1º curso de 3,72/5 a 3,99/5).

No Grao de Linguas Estranxeiras observamos un aumento positivo da participación do alumnado nas enquisas de satisfacción: de 28,28% no curso 2013/14 a 32,94% no curso 2014/15, o cal é dobremente positivo despois da baixada do curso 2013/14 en relación ao curso anterior 2012/13 (30,06%). De feito, o curso 2014/15 rexistra a porcentaxe máis alta no cadro histórico dende 2010/11 (2011/12: 28,95%; 2010/11: 16,05%), e é notablemente superior á participación nos outros graos do centro (Tradución e Interpretación: 12,76%; Estudos de Galego-Español: 18,18%). A porcentaxe da enquisa de avaliación docente tamén incrementou de 54,49% no curso 2013/14 a 58,07% en 2014/15.

A participación do profesorado nas enquisas de satisfacción descendeu en relación ao curso anterior: de 56,10% en 2013/14 a 48,72% en 2014/15. Os datos non son de todo negativos se se considera o cadro histórico dende o curso 2010/11, pois a participación no curso obxecto de seguimento 2014/15 rexistra a segunda porcentaxe máis elevada, notablemente superior aos cursos 2012/13 (36,36%) e 2011/12 (31,25%). Como sucede coas enquisas de satisfacción de estudantes, a participación do profesorado no Grao de Linguas Estranxeiras é máis elevada que a participación no Grao de Tradución e Interpretación (35,40%) e no Grao de Estudos Galego-Español (39,53%).

7.3.- Os valores de inserción laboral das persoas egresadas da titulación son axeitados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.

- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e a revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En informes de seguimento de cursos anteriores detectouse unha implantación deficiente dos procedementos de recollida de información sobre a inserción laboral dos estudantes por parte da Universidade. Como indica a Vicedecana de Calidade (nota de febreiro de 2015), a publicación dos datos de inserción laboral corresponde á ACSUG, que publica todos os anos un informe. Porén, non se poden analizar os datos dos egresados das titulacións actuais do centro, xa que o último informe publicado refírese aos licenciados no ano 2010. Como xa se indicara no informe do curso 2013/14, a Universidade está a traballar institucionalmente para facilitar a recollida de datos sobre este punto (http://uvigo.es/uvigo_gl/transparencia/resultados/index.html).

CRITERIO 7:

Puntos febles detectados:

- (7.1) A taxa de graduación aumentou en relación ao curso anterior pero é susceptible de mellora.
- (7.1) A taxa de rendemento aumentou en relación ao curso anterior pero é susceptible de mellora.
- (7.1) A taxa de abandono é moi alta historicamente.
- (7.2) Descenso do grao de satisfacción no sector PDI.
- (7.2) Descenso na participación do sector PDI nas enquisas de satisfacción.
- (7.3) Falta de datos de seguimento sobre a inserción laboral do estudantado.

Accións de mellora a implantar:

- (7.1) Taxa de graduación. Acadar máis información sobre o perfil de alumnado en último curso; por exemplo con preguntas específicas na enquisa propia da titulación.
- (7.1) Taxa de rendemento. (a) Analizar en profundidade a taxa de rendemento por materia e dialogar co profesorado de materias que rexistren unha baixa taxa de rendemento repetidamente. (b) Solicitar á Vicerreitoría unha mellora na PDA para poder manter un tamaño de grupos prácticos razoable que permita mellorar o proceso de ensinanza e aprendizaxe.
- (7.1) Taxa de abandono. Acadar máis información sobre o perfil de alumnado que abandona a titulación: curso, cohorte, razóns indicadas pola/o propia/o estudante.
- (7.2) Solicitarlle á Vicerreitoría máis recoñecemento das tarefas docentes realizadas polo sector profesorado.
- (7.2) Fomentar a participación en enquisas, no sector profesorado e no sector alumnado.
- (7.3) A Universidade está a traballar na compilación de datos sobre a inserción laboral.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificacións e seguimento do título, incluíndo os plans de mellora

E12: Informes públicos sobre resultados do título (cómo estes se teñen en conta para a revisión e mellora do plan de estudos)

E14: Plans e seguimento das accións de mellora (en concreto, accións de mellora realizadas a partir dos resultados obtidos en todos os indicadores)

E29: Estudos de inserción laboral ou datos de empregabilidade das egresadas e egresados do título

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I1: Evolución do número de estudantes matriculados por curso académico

I2: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I3: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I12: Evolución dos indicadores de resultados (estes datos facilitaranse de xeito global para o título e para cada unha das materias que compoñen o plan de estudos/título):

- Taxa de graduación
- Taxa de abandono
- Taxa de eficiencia
- Taxa de rendemento
- Taxa de éxito
- Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Evolución dos resultados das enquisas de satisfacción

I14: Evolución dos resultados de inserción laboral

I15: Indicadores incluidos no Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU)